Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 15:19:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18375
Data envío: 24/01/2025 15:19:01.392

CSV: B0R0GSP6D0MFC&LQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 9203**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Brais Ruanova Vilas-Boas sobre **“a necesidade de avaliar a participación económica da Xunta na empresa Castelao Productions SA”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A participación de Sodiga en Castelao Productions S.A. foi realizada no marco dunha estratexia de apoio ao sector audiovisual galego impulsada pola Xunta de Galicia.

Entre 2003 e 2008, investíronse 7 millóns de euros nesta compañía, entón denominada Filmax Entertainment, xunto con outros investidores institucionais como Sepides, Caixa Laietana ou Caixa Galicia. O capital investido representa o 9,23% da participación na empresa.

Estes anos marcaron unha etapa de aposta decidida polo desenvolvemento do sector audiovisual galego, con investimentos en importantes compañías do sector, algunha das cales non lograron superar as dificultades derivadas da crise económica global.

Castelao Productions, a pesar de atravesar un proceso concursal desde 2010 e unha reestruturación financeira e societaria, mantense activa.

Actualmente, aínda que a empresa segue a arrastrar as consecuencias desa crise, nos dous últimos exercicios pechados (2022 e 2023), o grupo obtivo resultados positivos.

Sodiga continuará no capital da compañía, facendo un seguimento constante da súa evolución e actividade, en liña cos seus obxectivos de fomentar o crecemento e a consolidación do tecido empresarial en Galicia.

A Xunta valora positivamente o esforzo realizado por Castelao Productions para adaptarse ás circunstancias adversas e lograr resultados positivos nos últimos anos, contribuíndo á sustentabilidade do sector audiovisual”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:28:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:28:28
Nº Rexistro: 18302
Data envío: 24/01/2025 11:28:28.424

CSV: BGRBG-SRE-Q7f90Wj-Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 9961**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, don Xosé Manuel Golpe Acuña e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as mudanzas producidas na morfoloxía da praia da Concha, de Espasante, no concello de Ortigueira, as eventuais intervencións previstas pola Xunta de Galicia e o estado en que se atopa a anunciada licitación da dragaxe do porto desta localidade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia, como ente competente na xestión portuaria está a tramitar unha dragaxe para a recuperación de calado e mellora da operatividade do porto de Espasante.

En 2013 Portos de Galicia iniciou os primeiros traballos para levar a cabo a dragaxe do porto de Espasante. Tras cambios normativos estes traballos preliminares foron actualizados en 2015. Dando continuidade a estes traballos, en 2021 iniciouse a elaboración dos estudos definitivos para a realización desa dragaxe.

Desde esa data leváronse a cabo rigorosos e completos traballos de campo para a caracterización xeofísica, sedimentolóxica e bionómica, tanto do porto como da propia praia, así como os estudos técnicos e ambientais necesarios para avaliar a necesidade dun mantemento periódico dos calados do porto.

Como parte destes traballos técnicos e ambientais elaborouse en xuño de 2023 un DITAME SOBRE ALTERNATIVAS DE APROVEITAMENTO COMO USOS PRODUCTIVOS DO MATERIAL DE DRAGAXE DO PORTO DE ESPASANTE. ORTIGUEIRA, e en outubro de 2023 o estudo de REXENERACIÓN DA PRAIA DE ESPASANTE CO MATERIAL DE DRAGAXE DO PORTO DE ESPASANTE. ORTIGUEIRA.

Neste último estudo analízase, con métodos máis evolucionados que no estudo orixinal de 1987, o comportamento da praia por mor da construción do dique de abrigo do porto.

Como consecuencia do mesmo e do informe elaborado respecto do uso produtivo dos sedimentos, Portos de Galicia planificou unha dragaxe plurianual para este porto que permita manter o calado operativo adecuado durante un período de 4 anos.

Nestes momentos Portos de Galicia segue avanzando na tramitación da dragaxe do porto, estando actualmente en redacción o estudo de impacto ambiental, como consecuencia da tramitación preliminar realizada sobre a xestión do material a

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





dragar e os condicionantes ambientais da zona de actuación. Este estudo someterase á tramitación legalmente pertinente no primeiro trimestre de 2025. Tras a conclusión desta tramitación poderase proceder á licitación das obras correspondentes á primeira fase da planificación mencionada.

Sobre o propio Plan de actuación de rexeneración da praia da Concha: Portos de Galicia lembra que as competencias sobre a rexeneración das praias corresponden á Demarcación de Costas do Estado, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e non á Xunta de Galicia a través deste ente público.

O artigo 111 da Lei de Costas do Estado recolle que "terán calificación de obras de interese xeral e serán competencia da Administración do Estado as de creación, rexeneración e recuperación de praias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 10:33:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 10:33:24
Nº Rexistro: 18565
Data envío: 28/01/2025 10:33:24.415

CSV: B09BQSP0C4M7C9L00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10232**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación do sector marisqueiro, os criterios, as contías e os prazos na concesión de axudas, así como a actitude do Goberno galego ante os acordos plenarios nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 5 de novembro de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 13236, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODk2Y2U0NmMtNzk3Zi00NGQ1LTlhMDctMWM5YTM3MDU5ZjFi&start=9635.685>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 17:44:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 17:44:20
Nº Rexistro: 18805
Data envío: 29/01/2025 17:44:20.995

CSV: B0R0G5E3LINDA00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10664** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Carmela González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "**a postura do Goberno galego ante a proposta europea de despezamento de barcos pesqueiros, as políticas que vai defender no ámbito da pesca e as actuacións que prevé poñer en marcha para concretalas**", (publicada no BOPG número 90, fascículo 1, do 24 de setembro de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión Europea ten a responsabilidade de crear as condicións onde as actividades de pesca sexan medioambientalmente sostibles a longo prazo e xestionadas de maneira que sexan coherentes con obxectivos que benefician á economía, á sociedade e ao emprego, e que contribúan á dispoñibilidade de subministrados de alimentos, todo iso, baseado na mellor información científica e en avaliacións de impacto.

Para iso, e no que respecta á sostibilidade da flota pesqueira artesanal sería necesario revisar o criterio de estabilidade relativa para adaptalo aos cambios acaecidos na evolución das flotas, nas estratexias de pesca, na demanda de produtos pesqueiros ou na evolución das importacións. Para iso, sería de gran axuda promover a realización de estudos socioeconómicos que permitan unha actualización da estabilidade relativa, tendo especialmente en conta ás rexións comunitarias que son altamente dependentes da pesca, como é o caso de Galicia.

A pesca costeira e artesanal demostra unha certa singularidade da actividade, polo que necesitamos, a nivel de Estado membro, manter unha potestade e autonomía suficiente para establecer os criterios que determinen cando unha actividade pesqueira dentro do noso territorio pode considerarse artesanal.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Por outra parte, a nivel comunitario e nacional, dentro dos seus respectivos marcos competenciais da xestión das capacidades pesqueiras, é necesaria a renovación da flota, sobre todo, a flota artesanal, introducindo melloras a bordo e tecnoloxías verdes para ofrecer mellores condicións de traballo e facer máis atractiva a profesión para a xuventude. Ademais, convén planificar e financiar a transición enerxética destinada a substituír a flota por buques de novo deseño e máis eficiente, que melloren a seguridade e o confort para favorecer o relevo xeneracional.

Por iso, a Consellería do Mar, dentro do seu marco competencial aposta por garantir a continuidade da actividade pesqueira e da súa flota de buques e embarcacións de pesca, mediante o investimento na renovación e modernización da flota pesqueira, así como nas melloras da seguridade e habitabilidade a bordo, facendo especial fincapé na sostibilidade da remuda xeneracional. Trátase de poder contar con buques modernos, seguros e eficientes, sen que iso supoña aumentar o esforzo pesqueiro. Por tanto, é esencial manter unha política pesqueira común social e de futuro, abordando o problema da remuda xeneracional mediante a mellora das condicións de vida a bordo e a adecuación da formación para a creación de postos de traballo dignos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 12:42:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 12:42:33
Nº Rexistro: 18611
Data envío: 28/01/2025 12:42:33,664

CSV: B0RBO\$FnglsH4CZALQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B01B0-8752-a935-df18-73d2-68724ecf6af6
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:33:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:33:05
Nº Rexistro: 18310
Data envío: 24/01/2025 11:33:05,943

CSV: B0R0G-8F8u4D00V4-Q0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10984**, formulada polo Grupo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o traballo realizado pola Oficina Económica de Galiza dependente do IGAPE”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Oficina Económica de Galicia, posta en funcionamento o mes de abril de 2024 e dependente do Igape, constitúe unha das iniciativas máis ambiciosas do Goberno galego para fortalecer o tecido empresarial e industrial da nosa Comunidade. O seu éxito demostra a necesidade de dotar á Administración autonómica dun servizo especializado, eficiente e próximo ás empresas, como amosan os resultados acadados neste curto período de tempo.

Desde a súa creación, a Oficina Económica de Galicia atendeu preto de 14.000 consultas, das cales máis do 80% foron resoltas no acto, un claro reflexo da súa axilidade e efectividade. Ademais, concertáronse máis de 580 reunións de asesoramento empresarial, nas que se abordaron máis de 200 proxectos de especial relevancia. Estes datos son unha proba evidente do impacto positivo desta iniciativa na dinamización económica e na promoción do emprendemento en Galicia.

A Oficina funciona como unha canle única de atención para as empresas e a industria, ofrecendo información centralizada, asesoramento personalizado e acompañamento integral para a posta en marcha de proxectos. Grazas a este enfoque, estase a facilitar a implantación de novas iniciativas empresariais e industriais, reducindo trámites burocráticos e achegando unha resposta áxil e útil ao tecido produtivo galego.

A Oficina Económica de Galicia conta con persoal propio, recursos humanos coñecedores da realidade empresarial, dos marcos de apoio existentes e dos procedementos administrativos correspondentes. Ademais, de forma complementaria, a Oficina dispón dunha rede de colaboradores externos especializados para a prestación de servizos de asesoramento experto en ámbitos como o financeiro, negocio e operacións ou innovación e enerxía, entre outros.

No marco desta estratexia, a Xunta reforzará a súa aposta coa apertura dunha nova sede da Oficina Económica en Madrid, situada nas instalacións da Casa de Galicia. Esta será a primeira oficina fóra do territorio galego e permitirá ampliar o alcance, facilitando a captación de investimentos e a implantación de empresas en Galicia.

O obxectivo é claro: posicionar a nosa Comunidade como un destino atractivo e diferenciado para os investimentos, captando proxectos que complementen as cadeas de valor existentes e favorezan o crecemento e consolidación do tecido produtivo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademais, o orzamento do Igape medra no ano 2025 un 20% ata os 278M€, o que permitirá continuar traballando en áreas clave como a competitividade, a innovación, a internacionalización e o acceso ao financiamento por parte das empresas.

Para o futuro de Galicia é fundamental garantir que as empresas dispoñan dun entorno favorable que lles permita medrar, innovar e xerar emprego. A Oficina Económica de Galicia é un exemplo do compromiso do Goberno galego para acompañalas neste proceso e facer de Galicia un lugar líder e competitivo no ámbito económico e industrial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:38:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:38:33
Nº Rexistro: 18312
Data envío: 24/01/2025 11:38:33,957

CSV: B0R0G-5\$9tLk9ALQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11299**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros deputados e deputadas, sobre **"o anuncio realizado o día 14 de setembro de 2024 polo presidente Alfonso Rueda sobre a dotación de prazas residenciais para maiores na provincia de Ourense, a orixe e natureza dos fondos dese plan de investimentos e a razón da demora da selección dos proxectos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinou un acordo marco coa FEGAMP en marzo de 2022 a través do cal puxo a disposición dos concellos galegos un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais de titularidade municipal, dotado cun importe total de 18,5 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (programa Next Generation UE). Son fondos que lle correspondían a Galicia, e que a Xunta decidiu destinalos a este plan, pensado principalmente para dotar de novos equipamentos sociais a concellos rurais de menor poboación.

Para a selección dos proxectos se constituíu unha comisión técnica mixta Fegamp-Consorcio que se encargou de avaliar e seleccionar os proxectos presentados polos concellos. O gran número de solicitudes, así como a complexidade da documentación presentada para avaliar os proxectos conforme aos criterios de prioridade establecidos no acordo marco, fixo que fora necesario requirir sucesiva documentación aos concellos para acreditar a viabilidade técnica e económica dos proxectos.

Finalmente en abril de 2024 a comisión mixta rematou o seu traballo e propuxo a selección definitiva dos 24 proxectos obxecto de financiación a través deste plan, e posteriormente se tramitaron os correspondentes convenios a formalizar cos concellos e que foron autorizados polo Consello da Xunta en xullo de 2024, e asinados durante o mes de agosto.

Entre os proxectos seleccionados están os presentados por 16 concellos da provincia de Ourense que permitirán a construción de 9 centros residenciais, a reforma ou ampliación doutros 4, e a construción de dous centros de día e un centro social".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 12:45:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 12:45:24
Nº Rexistro: 18616
Data envío: 28/01/2025 12:45:24.462

CSV: B0R0Q5D6WIK6R3-Q0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11819**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"o nivel de diálogo da Consellería do Mar co sector marisqueiro para a posta en marcha das axudas do Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025 e a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre o seu desenvolvemento e impacto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 17 de setembro de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 9196, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTk2YzZlMzUtMjllZC00NjA1LTljZjQtZmVlZTA4ODlwNmVi&start=2877>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre o estado de execución do Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025 e os estudos que está a realizar a Consellería do Mar sobre a evolución da produción marisqueira".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 12:52:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 12:52:57
Nº Rexistro: 18623
Data envío: 28/01/2025 12:52:57,934

CSV: B0R0G0\$66ejdRQALQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11835**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"a estratexia que prevé a Consellería do Mar para impulsar o diálogo coas confrarías co fin de abordar a xestión dos bancos marisqueiros e a súa postura ante a proposta da Comisión Mar-Industria da Confederación de Empresarios de Galicia nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 20 de decembro de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 11834, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDJmMzc1NjltODBjOS00YTFLTg2YmEtNjgxMzNkMmE1ZWWE2&start=5800.302>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a estratexia que prevé a Consellería do Mar para impulsar o diálogo coas confrarías co fin de abordar a xestión dos bancos marisqueiros e a súa postura ante a proposta da Comisión Mar-Industria da Confederación de Empresarios de Galicia nesta materia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 12:53:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 12:53:35
Nº Rexistro: 18624
Data envío: 28/01/2025 12:53:35.044

CSV: B0R0G9P6vshDQALC0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12394**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros deputados e deputadas, sobre **"as razóns de que non se coñeza a documentación da tramitación de Impulsa Galicia relativa ao proxecto tractor denominado Proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como se ten informado en diversas ocasións aos distintos grupos parlamentarios, un dos proxectos conceptualizados pola sociedade Impulsa Galicia foi o "proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas", denominado durante a súa fase de conceptualización "Xestión Sostible dos Bosques Galegos".

Unha vez conceptualizado o proxecto, Impulsa Galicia levou a cabo un procedemento de busca de socios industriais para desenvolver o proxecto, sendo finalmente Altri o escollido. Polo tanto, é a entidade Altri, a través de Greenfiber S.L., a que desenvolve o proxecto que actualmente está en tramitación, e que foi declarado como proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta de Galicia o 29/12/2022.

E, sobre os datos do dito proxecto, en ningún caso se está a ocultar ningunha información relativa ao proxecto e, de feito, a Xunta de Galicia ten remitido o 23/04/2024 tanto a ese mesmo Grupo Parlamentario (Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego) como ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a documentación solicitada por cada un deles (números de rexistro de entrada 514 e 376, respectivamente).

Dende a dita data, o proxecto segue a desenvolver a tramitación prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 13:00:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 13:00:48
Nº Rexistro: 18628
Data envío: 28/01/2025 13:00:48,515

CSV: B0R0G3PZU44G4LQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12409**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luís Bará Torres e dona Iria Taibo Corsanego, sobre **“os prazos previstos polo Goberno galego para pór en marcha a planta de reciclaxe de residuos téxtiles que se prevé instalar en Cerceda e as características que definen o proxecto”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta destinará preto de 25 millóns de euros á construción e xestión da que será a primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles da Comunidade, que se localizará na Complexo Medioambiental de Sogama, en Cerceda, e terá capacidade para procesar 3.000 toneladas anuais, coa posibilidade de ampliarse ata, aproximadamente, as 24.000 toneladas por ano.

O contrato licitouse na plataforma de contratos da Xunta o pasado 30 de decembro, logo de ser autorizado hoxe polo Consello da Xunta o día 27 de decembro, e inclúe a construción da planta e a xestión integral da instalación por un período de dous anos, coa posibilidade de ser prorrogada por outros dous anos máis.

O cometido desta instalación centrarase na selección de téxtiles por composición e cores para remitir aos correspondentes centros recicladores. Deste xeito, a súa función principal será a de preparar para reciclar tanto residuos téxtiles procedentes das empresas de economía social que operan en Galicia, como aqueles que teñan a súa orixe en contedores instalados na rúa, ampliando así a capacidade actual de Sogama para xestionar novas fraccións de refugallos, en liña coas esixencias e obxectivos comunitarios neste eido.

O material seleccionado enviarase aos centros recicladores para a obtención de fibra téxtil reciclada a partir da que se confeccionarán novas prendas, aínda que tamén se poderán destinar a outros usos como a fabricación de material illante. No caso da parte non reciclable, e tendo en conta a infraestrutura coa que conta Sogama, procederase á súa valorización enerxética co fin de evitar o seu depósito en vertedoiro, que, segundo a xestión xerarquizada de residuos establecida pola UE, é a opción máis contaminante”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 13:01:25
Nº Rexistro: 18629
Data envío: 28/01/2025 13:01:25.937

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B09B0S9014142&LQo-5
Verificación: CVE-PREPAR: a37996a9-cf34-5097-7311-e83a7ee90889
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 13:01:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 13:01:25
Nº Rexistro: 18629
Data envío: 28/01/2025 13:01:25.937

CSV: B0R0GSP0jch6Z&LQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 13:02:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 13:02:18
Nº Rexistro: 18634
Data envío: 28/01/2025 13:02:18.094

CSV: B0R0G5R0UEXtpCALQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13061**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para impedir que a limpeza e o baleirado dos encoros sigan afectando o sector marisqueiro e a súa postura ante as demandas para establecer un protocolo que regule estes procedementos nas bacías da súa competencia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A lexislación vixente non prevé a existencia dun protocolo de baleirado de encoros como figura xurídica expresa.

O marco regulador do réxime de explotación dos encoros ven conformado, por unha banda, polas normas de explotación elaboradas polo seus titulares e aprobadas por Augas de Galicia e, doutra banda, pola existencia en cada unha das zonas hidrográficas de Galicia, dunha Comisión de Desaugamento coa función de deliberar e formular as propostas sobre o réxime axeitado de enchido e baleirado dos encoros da Demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

Debe terse en conta, ademais, que a xestión que se efectúa das presas debe ir enfocada ao cumprimento das súas funcións principais e prioritarias de garantir o abastecemento de auga á poboación e de acadar unha seguridade fronte a inundacións. Esta xestión dos encoros se realiza para evitar ou minimizar no posible, os desbordamentos dos cauces e o dano ás persoas e aos bens.

Así mesmo, as presas regulan unicamente parte do caudal das concas. En moitos casos a porcentaxe de caudal aportado ás rías que se corresponde coas aportacións reguladas polos encoros é moi escaso, xa que as presas están lonxe do mar e augas abaixo dos encoros existen aportacións moi importantes doutros ríos.

Ademais, na bacía Galicia-Costa, a maioría dos encoros son de pequena entidade, sendo capaces de reter un volume que representa unha pequena porcentaxe das aportacións mensuais en épocas de choiva.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Polo tanto, da auga que chega á desembocadura, é moi pouca porcentaxe a que sae das presas. Ademais estas presas laminan, polo que a auga que sae é menor da que entra (se non houbo encoro as puntas de caudal que chegarían á desembocadura, en épocas de precipitacións, serían maiores) e en eventos de precipitacións o volume de auga evacuada polas presas nunca é superior ao de entrada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 11:22:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 11:22:17
Nº Rexistro: 18732
Data envío: 29/01/2025 11:22:17.946

CSV: B0R0G-8#26t1j5@ALQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18393
Data envío: 24/01/2025 15:48:41.638

En febreiro de 2024 adxudicouse o contrato de expropiación.

En xaneiro de 2024 adxudicouse a redacción do proxecto de urbanización.

E prevense licitar as obras no ano 2026".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B09B03000000000000-5
Verificación: CVE-PPREPAR: 466a9609-55e6-ba35-d109-1fed73473a06
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 15:48:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18393
Data envío: 24/01/2025 15:48:41.638

CSV: B0R0G\$P0U0b0GAL@0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13350**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Luis Bará Torres, sobre **"a situación relativa á calidade das augas vertidas ás rías galegas, a eficacia das medidas de inspección, vixilancia e control e as previsións que ten o Goberno galego de cara a 2025 canto a orzamentos e medidas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 3 de decembro de 2024 pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á interpelación 13351.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 3 de decembro de 2024:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjY1MzI0MTFjLWJmOWEtMmNhYzg3YTAyMzVj&start=6522>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 11:29:33
Nº Rexistro: 18733
Data envío: 29/01/2025 11:29:33,605

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 11:29:32

CSV: B0R0G-S02-XU0H0L00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13637**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as sobre “**o estado de conservación dos leitos fluviais**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, traballa na xestión das inundacións e na conservación dos ríos galegos e tamén realiza labores de conservación nos ríos, como a limpeza de canles e a recuperación dos ecosistemas fluviais. A través do Plan de Xestión de Riscos de Inundación, a Xunta coordina as actuacións para mellorar a seguridade e protección dos ríos e da poboación.

Os ríos forman parte dun amplo ecosistema, que contempla as marxes dos ríos e a vexetación que os rodea. As medidas executadas inclúen a eliminación de especies invasoras e a protección do bosque de ribeira, esencial para manter o equilibrio dos ecosistemas acuáticos.

Para manter o equilibrio e a saúde destes ecosistemas, a Xunta de Galicia realiza traballos de conservación fluvial con criterios técnicos específicos. Os principais obxectivos da conservación fluvial son:

Mantenemento das condicións naturais do río.

Eliminación de especies invasoras

Recuperación da funcionalidade xeomorfolóxica.

Manter os corredores de ribeira.

Así mesmo, débese lembrar que a conservación e limpeza dos ríos non é unha competencia propia nin exclusiva dos organismos de bacía. Os concellos xogan un papel clave na conservación fluvial en Galicia.

En todo caso, Augas de Galicia continuará traballando nesta dirección e baixo os criterios descritos, tamén no Concello de Rois, co fin de reducir posibles inundacións ou asolagamentos, mais cómpre destacar que no período 2020-2024 a Xunta financiou diferentes actuacións de mantemento nos ríos do Concello de Rois, investindo máis de 274.000€”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B09B03RG61576GALCo-5
Verificación: CVE-PPREPAR: 54a05fd8-b5d1-0b09-8da6-ffe50d40814
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2025 12:26:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18412
Data envío: 26/01/2025 12:26:49.710

CSV: B0R0G3NG615176AL_Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13742**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e outras/os deputados do mesmo grupo, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe ao sistema de recollida dos plásticos usados na actividade agrogandeira"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A cantidade estimada de plásticos recollida por parte dos concellos durante o 2023 foi dun total de 5.897,40 toneladas. Segundo os últimos datos dispoñibles, do ano 2023, realizaron esta recollida de plásticos agrícolas 109 concellos.

En canto ao Programa de Recollida de Plásticos Agrícolas, entre os anos 2005 e 2017, a Xunta de Galicia puxo en marcha esta iniciativa co fin de facilitar a xestión axeitada destes residuos por parte do sector agrícola e gandeiro, evitando o seu vertido incontrolado. Esta actuación xurdiu da necesidade de recoller e tratar correctamente estes residuos, que tiñan un gran impacto no medio ambiente e precisaban de ferramentas de xestión e infraestruturas específicas.

Esta actuación rematou acadando os obxectivos propostos neste Programa, implantando no sector prácticas axeitadas de xestión de residuos agrarios que garantían tanto a protección do medio ambiente como da saúde humana.

Ademais, é preciso lembrar que, segundo a Lei 6/2021, de residuos e solos contaminados de Galicia, a responsabilidade da correcta xestión dos residuos recae nos produtores, que deben asegurar o tratamento axeitado dos residuos que xeran. Ademais, a Lei 7/2022, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, establece na disposición final sétima que, no prazo máximo de tres anos, desde a entrada en vigor desta Lei, desenvolveranse réximes de responsabilidade ampliada do produtor, entre outros, para os plásticos de uso agrario non envases, en aplicación do título IV da normativa. Por todo isto, a situación actual para xestionar a recollida deste tipo de residuos mudou con respecto á situación de fai uns anos.

En todo caso, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático segue e seguirá levando a cabo accións que contribúan á consecución dos obxectivos establecidos na lexislación ambiental e nos plans de xestión de residuos. En relación aos residuos agrarios, o PRIGA (Plan Sectorial de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2030) inclúe este tipo de residuos no seu ámbito, dentro da actuación programa no plan

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



X04, "Promoción de acuerdos voluntarios para a implantación de sistemas de responsabilidade ampliada do produtor" ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 13:27:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 13:27:56
Nº Rexistro: 18644
Data envío: 28/01/2025 13:27:56,588

CSV: BQREBQ\$RGeEaEaC/NLQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14735** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego respecto do desenvolvemento na actual lexislatura da vía de acceso ao porto da Guarda, as partidas orzamentarias dedicadas e o diálogo cos sectores afectados e os axentes implicados na execución desta infraestrutura"**, (publicada no BOPG número 125, do 29 de novembro de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia ten incluído nos seus Orzamentos para o 2025 unha partida plurianual de 450.000 euros para o acceso sur ao porto da Guarda. Esta é a partida estimada, que pode rexistrar variacións en base ao avance do proxecto.

A tramitación deste proxecto por parte do Concello da Guarda en 2018 non recabou os informes necesarios para a súa aprobación; informes alleos a Portos de Galicia.

As solucións técnicas para esta necesidade de acceso ao porto deben ser estudadas polos servizos técnicos de Portos de Galicia, estudos aos que se destina a anualidade consignada para 2025 nos Orzamentos e polo tanto non ten cabida unha valoración previa doutras solución.

Portos de Galicia ten vontade de colaboración e así o amosa o compromiso orzamentario."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 13:30:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 13:30:28
Nº Rexistro: 18652
Data envío: 28/01/2025 13:30:28.402

CSV: B0R0G-S7R6-HUJ0W4LQ0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2025 13:21:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18420
Data envío: 26/01/2025 13:21:45.622

CSV: B0REBQ\$7PCWdtpALUQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 15452**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de donalrta Taibo Corsanego e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **"os compromisos adquiridos cos concellos da comarca da Coruña en materia de transporte público metropolitano, os prazos para a súa materialización e o cumprimento das recomendacións do Valedor do Pobo respecto desta problemática"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta e os 17 concellos que conforman a Área de transporte metropolitano da Coruña acordaron o pasado mes de novembro prorrogar o convenio durante catros anos máis.

A ATM da Coruña concentra unha ampla oferta de servizos, xa que 444 liñas conforman a rede de autobuses interurbanos que conectan aos concellos que a integran.

O Goberno galego estuda todas as peticións que se trasladan desde os concellos e se redundan nunha mellora do servizo e a súa aplicación é posible, faino".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 13:33:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 13:33:32
Nº Rexistro: 18658
Data envío: 28/01/2025 13:33:32.137

CSV: B0R0GSp3GdX6ALQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2025 13:21:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18419
Data envío: 26/01/2025 13:21:38,669

CSV: B0R0G3E0C0L0X0SAB00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6918**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o criterio do Goberno galego ante a posibilidade de crear na comarca de Ferrol o clúster da industria de defensa"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A industria galega conta cunha notoria presenza no sector da defensa, con máis de 40 empresas integradas neste ámbito, que forman parte das principais organizacións do sector a nivel nacional, con importancia destacada en investigación, desenvolvemento e innovación, e como provedores de compoñentes e sistemas utilizados en defensa a nivel internacional.

Cunhas amplas e contrastadas capacidades neste sector, destaca a produción de vehículos especiais para misións, a construción naval militar, o desenvolvemento de tecnoloxías punteiras en automatización, control e deseño de sistemas navais e o desenvolvemento e fabricación de sistemas non tripulados, aéreos e mariños.

Contamos en Galicia con actores relevantes da industria da defensa como Urovesa, Navantia, Centum, Marine Instruments, pero tamén logramos atraer a líderes do sector como GMV, Aertec, Indra, Avincis ou Airbus, entre outros, e propiciamos que as nosas pemes accedan ás súas cadeas de valor, unha panca de impulso fundamental para chegar a novos proxectos e a novos mercados.

A Xunta de Galicia ten declarados seis sectores estratéxicos, o metal, a automoción, o naval, o forestal, o TIC e a loxística, con importante presenza, gran parte deles, en proxectos da industria da seguridade e a defensa e cada un destes sectores empresariais organizados en seis clústeres.

Desde a Xunta de Galicia continuaremos apoiando ás nosas empresas, especialmente ás pemes, para lograr unha industria máis forte e competitiva.

A Xunta ten un firme compromiso coas tecnoloxías duais, que sen dúbida terán un papel crucial nos investimentos en defensa nos próximos anos.

As tecnoloxías duais exercen unha función estratéxica ao permitir unha transferencia eficiente da innovación entre os sectores civil e militar, o que favorece unha maior rendibilidade dos investimentos en I+D, xa que as súas aplicacións alcanzan a un maior número de sectores. Ao mesmo tempo, reforzan a soberanía nacional en termos de innovación e produción tecnolóxica; e impulsan a economía ao xerar novas oportunidades de negocio.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





As tecnoloxías duais, sen dúbida, representan unha oportunidade para que as nosas pemes desenvolvan novas capacidades e diversifiquen os seus mercados. A posibilidade de ofrecer produtos e solucións tanto para a defensa como para uso civil amplía os seus horizontes comerciais, mellorando a súa competitividade.

A Xunta de Galicia mantén sempre as canles de diálogo abertas cos representantes empresariais non só desta industria, senón de todas as existentes no noso territorio, estean organizadas en clústeres ou non.

Así mesmo, a seguridade e a defensa é para este Goberno un sector de oportunidades no que as nosas empresas xa operan con notable importancia e destacados casos de éxito, que esperamos se incrementen no futuro.

E queda claro tamén que mantemos o diálogo aberto con todos os axentes, porque máis alá de visións sectoriais, a Xunta de Galicia aposta de maneira firme e decidida porque todos e cada un dos sectores produtivos teñan maiores oportunidades no sector da seguridade e a defensa. "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 15:26:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18381
Data envío: 24/01/2025 15:26:51.817

CSV: B0R0Q5082ENCAL00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7012**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre a labor da Xunta de Galicia respecto da situación que afecta as mariscadoras e os mariscadores da ría do Burgo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 18 de xuño de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 8001, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTk2YzZlMzUtMjllZC00NjA1LTljZjQtZmVlZTA4ODlwNmVi&start=115>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as actuacións que prevé desenvolver a Consellería do Mar relativas á recuperación marisqueira da ría do Burgo e as axudas que vai establecer para as mariscadoras e os mariscadores nos períodos de inactividade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 10:36:50
Nº Rexistro: 18267
Data envío: 24/01/2025 10:36:50.173

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 10:36:49

CSV: B0R0G5P0WJZGAKQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7076**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre “**sobre a ampliación da planta xudicial galega**”, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“Durante o ano 2023, os xulgados e tribunais de toda España rexistraron un incremento de asuntos dun 6,5%, con relación ao ano 2022, incremento superior ao experimentado en Galicia, que se situou no 4,7%.

Tamén a taxa de litixiosidade na comunidade é inferior. En España o número de casos por cada 1.000 habitantes foi de 145,7; en Galicia, de 129,2.

En España hai un déficit estrutural de xuíces, aproximadamente a metade da media europea. Na comisión mixta TSXG e Xunta de Galicia do 3 de maio de 2024 consensuouse pedir a creación de 15 novas unidades xudiciais, pero o Goberno central non atendeu a demanda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 15:47:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18392
Data envío: 24/01/2025 15:47:58,512

CSV: B0R0G\$RQ-1Vb@M030-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7123**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os recursos materiais e humanos cos que contan os centros de internamento terapéutico de menores"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A rede de centros públicos destinados ao cumprimento de medidas xudiciais establecidas na lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, dispón de capacidade suficiente para garantir que todas as persoas que teñen que cumprir ditas medidas na Comunidade Autónoma de Galicia fano con normalidade e en función do tipo de medida establecida polo xulgado correspondente.

Respecto do centro público de reeducación Monteledo, este centro funciona con normalidade e a súa forma de xestión non ten variado nos seus preto de 30 anos que leva en funcionamento.

A única novidade que se ten producido, da cal se ten informado de xeito reiterado, é que a Xunta de Galicia modificou o procedemento de selección da entidade que xestiona este centro público, que ata agora víñase facendo a través dun convenio publicado no DOG e agora realízase a través dun concerto social publicado tamén no DOG, o cal beneficia ás entidades do terceiro sector. De feito, a implantación do concerto social estase a realizar tamén nos outros centros de reeducación da Xunta, nos centros de intervención en medio aberto e tamén nos recursos de acollemento residencial como casas de familia ou minirresidencias.

O concerto social supón un novo mecanismo que permite impulsar as relacións da Xunta de Galicia coas entidades prestadoras de servizos sociais, e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades deste sector. Neste caso concreto, o concerto social para os centros de reeducación Monteledo e Montefiz publicouse o pasado mes de novembro e non supuxo unha diminución do cadro de persoal, senón todo o contrario: aumentouse o persoal.

Galicia é unha comunidade autónoma cuns índices de delincuencia xuvenil moi baixos, e moi por debaixo da media española: Galicia é a 2ª comunidade autónoma cos índices de notificación de medidas xudiciais a menores de idade máis baixos de toda España, e tamén é a 2ª comunidade autónoma cos índices de execución de medidas xudiciais a menores de idade máis baixos de toda España.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Xunta de Galicia ten incrementado desde 2009 o número de recursos e de prazas destinadas ao cumprimento das medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores. En todo caso, a Xunta de Galicia está a executar todas as medidas xudiciais que veñen establecidas polos Xulgados de menores, tamén as medidas de internamento terapéutico.

Finalmente, respecto das obras de mellora do centro Monteledo, o centro Monteledo xa está en obras desde hai meses, o que vai redundar nunha importante mellora nas condicións de traballo do persoal do centro e tamén nunha maior confortabilidade para as persoas usuarias do mesmo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 11:33:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 11:33:10
Nº Rexistro: 18584
Data envío: 28/01/2025 11:33:10.575

CSV: B0R0G3PC3H00000000-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7129**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre “**a aplicación da atenuante de dilacións indebidas e as súas causas e consecuencias**”, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego descoñece o número de sentenzas nas que se aplica a atenuante de dilacións indebidas, posto que nas estatísticas dos xulgados publicadas polo Consello Xeral do Poder Xudicial non constan estes apartados.

Indicar que a Xunta de Galicia reclama constantemente a creación de novas prazas xudiciais, pero o Ministerio de Xustiza no atende as reclamacións. En calquera caso, no intre de contestar esta iniciativa, todos os xulgados de instrución de Galicia teñen a plantilla completa e adecuada ao volume de traballo. De nada serve ampliar o persoas dos xulgados de instrución si existe un déficit estrutural de xuíces e son eles os que practicamente teñen todas as competencias en materia de instrución”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 15:35:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18388
Data envío: 24/01/2025 15:35:54.836

CSV: B0R0G\$4D.LR06L00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7196**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Óscar Insua Lema, sobre "**a suficiencia dos cadros de persoal das unidades xudiciais de Galicia**", convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O sistema actual de garda (garda semanal con 2 xulgados) está a funcionar de xeito correcto, sen atrancos na organización de permisos, licenzas, vacacións, etc.

Con todo, a política levada a cabo polo Goberno galego prioriza a creación de novos xulgados de primeira instancia, que actualmente son os que están a soportar unha maior carga de traballo, nos partidos xudiciais que superan o módulo de entrada de asuntos fixado polo Consello Xeral do Poder Xudicial."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 14:28:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18661
Data envío: 28/01/2025 14:28:00,783

CSV: B0R0G\$M345B0A7D0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7252**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o criterio seguido pola Xunta de Galicia ante o Goberno central respecto do compromiso acadado polo BNG para a creación de xulgados especializados en violencia sobre a muller nos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol e Santiago"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Xunta de Galicia é partidaria da creación de novas unidades xudiciais, tal e como se evidencia, cada ano, coas propostas de creación de novos órganos xudiciais, co cumprimento dos prazos de entrada en funcionamento e coa solicitude incluso, sen éxito, de asumir as unidades xudiciais que outras comunidade autónomas non poden poñer en marcha.

O Goberno central non acordou a creación das unidades xudiciais ás que se refire a iniciativa polo que a Xunta de Galicia insistirá na súa petición".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 14:32:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18662
Data envío: 28/01/2025 14:32:23.066

CSV: B0R0G-SWE-AJH0ZXL00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Sandra Vázquez Domínguez

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:21:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:21:06
Nº Rexistro: 18291
Data envío: 24/01/2025 11:21:06.712

CSV: B0R0G5RQIRV6NLD0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7266**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego no que concirne ao impulso da reforma da Lei de inclusión social de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia terá unha nova Lei de Inclusión Social, pero non a pode facer allea a un contexto nacional cheo de incertezas. O Goberno central comprometeuse hai máis de dous anos a transferir o Ingreso Mínimo Vital (IMV), que é a razón de ser desta nova normativa.

Estamos a traballar na norma e queremos xa adaptala ao traspaso do IMV para non ter que modificala ao pouco tempo. Non queremos elaborar un documento con erros e dúbidas como supón o IMV do Goberno central, que ven recibindo críticas en moitas ocasións de diversas entidades Sociais e organismos (como a AIREF ou a Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais), senón avanzar nun modelo único que favoreza unha tramitación áxil e sinxela.

O feito de non ter modificado a Lei de Inclusión non significa que non se estean desenvolvendo medidas de loita contra a pobreza.

Avanzamos na nova Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030.

E neste ano 2025 destinamos máis de 131M€ ás políticas de inclusión social.

E con respecto á incompatibilidade da RISGA e o IMV, podemos resaltar que arredor dun 10% de persoas perceptoras da RISGA están a compatibilizala co IMV actualmente, xa que nos atopamos con beneficiarios do IMV que cobran contías mínimas que se lle complementan ata acadar o importe do tramo básico de RISGA que lles corresponde. E por suposto tamén poden acceder a outro tipo de axudas e programas de inclusión que promovemos se así o precisan".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 9:51:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 09:51:41
Nº Rexistro: 18699
Data envío: 29/01/2025 09:51:41.724

CSV: BGRBQspH0uMBAALQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7298**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"Sobre a posibilidade de asinar un convenio entre a Xunta de Galicia e o concello de Vilariño de Conso co obxecto de xestionar publicamente a residencia de maiores de Veigas de Camba"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Diario Oficial de Galicia de 7 de marzo de 2022 publicou a resolución pola que se lle da publicidade ao acordo asinado entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a FEGAMP para o desenvolvemento dun plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, financiado con fondos europeos do MRR.

O prazo establecido para presentar as solicitudes por parte dos concellos remataba o 22 de abril de 2022.

Conforme ao establecido no acordo asinado, se constituíu unha comisión mixta entre o Consorcio e a Fegamp para a selección dos proxectos presentados, conforme aos criterios establecidos no propio acordo, que eran os seguintes:

- 1.- Concellos de menos de 20.000 habitantes entre os que terán prioridade os de menor poboación.
- 2.- Concellos que carezan doutros recursos das mesmas categorías.
- 3.- Viabilidade técnica e económica para a posta en funcionamento dos centros.

O Concello de Vilariño de Conso concorreu a esta convocatoria, pero non resultou seleccionado porque xa tiña en construción ese centro, motivo polo que non puido recibir financiamento a través dos fondos MRR.

Por outro lado, é importante sinalar que lle corresponde ao Concello decidir o modelo de xestión, respectando o principio de autonomía local, ao igual que todos os concellos que concorreron ao plan de investimentos con fondos MRR que se acordou coa FEGAMP, tendo en conta ademais que a titularidade municipal dese centro permitirá que os veciños dese municipio teñan prioridade na obtención de praza na mesma."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:24:06
Nº Rexistro: 18292
Data envío: 24/01/2025 11:24:06.224

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B09B05F7E2C0089100-5
Verificación: CVE-PPREPAR: 1c23e3f0-9cc7-c2b1-7f34-1df53d3c0077
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/osv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:24:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:24:06
Nº Rexistro: 18292
Data envío: 24/01/2025 11:24:06.224

CSV: B0R0G5F7gX2Q89JQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7338**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"Sobre os recursos públicos que disporá a Xunta de Galicia para garantir os dereitos e o acollemento das persoas solicitantes de asilo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"De acordo co establecido na Constitución española, o Estado ten a exclusividade competencial no relativo a nacionalidade, estranxeiría, emigración, inmigración e dereito de asilo. A acción normativa estatal fixa as condicións de acceso, a xestión dos continxentes e dos procesos de regularización, e marca as pautas a seguir polas comunidades autónomas nas políticas de integración.

Deste xeito, o Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones é o responsable de cubrir as necesidades básicas das persoas migrantes carentes de recursos que chegan a España, a través da xestión e financiamento do Sistema de acollida de Protección internacional e temporal e do Programa de Atención Humanitaria.

Estes programas son xestionados por entidades de iniciativa social. A Xunta de Galicia ven colaborando estreitamente nos últimos anos coas entidades que operan no seu territorio, facilitando o acceso aos servizos que precisan as persoas usuarias e eliminando os posibles atrancos que puideran xurdir na primeira acollida, como a escolarización dos menores ou o acceso as prestacións sanitarias, entre outras.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia desenvolve políticas orientadas á integración social das persoas inmigrantes, poñendo á súa disposición os mesmos servizos aos que ten dereito calquera galego, especialmente os de sanidade, educación ou servizos sociais, ademais de facilitarlles o acceso a programas específicos que faciliten a súa inclusión na nosa sociedade.

Estes programas instrúmentanse basicamente a través de ordes de subvencións, dirixidas tanto a entidades de iniciativa social como a corporacións locais, que permiten financiar actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social dirixidos a colectivos en risco de exclusión, e contan con liñas específicas dirixidas ás persoas inmigrantes que permiten desenvolver diferentes accións de inclusión sociolaboral, como actividades formativas e prelaborais, mediación intercultural ou asesoramento legal, entre outros, mais alá de que se poidan beneficiar tamén dos

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:24:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:24:51
Nº Rexistro: 18293
Data envío: 24/01/2025 11:24:51.265

CSV: B0REB0SREN4t0W4EQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7342**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego para garantir a actividade pesqueira e a protección do ecosistema ante a implantación de instalacións eólicas mariñas nas nosas costas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Galicia pode ser un referente en xeración e loxística industrial de eólica mariña, traccionando toda a cadea de valor. Conta con todos os elementos necesarios para aproveitar unha oportunidade e xerar unha potente industria na eólica mariña.

De feito, Navantia xa está a fabricar jackets ou estruturas de fixación para parques eólicos mariños doutros países, e son un claro exemplo das posibilidades que temos en Galicia.

Ademais, contamos con instalacións portuarias punteiras e aptas para a industria do sector.

En calquera caso, por mor da profundidade dos nosos mares a tecnoloxía de eólica mariña que se desenvolverá en España será do tipo flotante, respecto da cal o seu grao de desenvolvemento e coñecemento a día de hoxe é máis limitado que o da tecnoloxía fixa, polo que é preciso dar pasos firmes pero sempre desde unha óptica de garantir a coexistencia e compatibilidade co medio mariño.

Porque a postura da Xunta de Galicia é que o desenvolvemento da eólica mariña pasa por unha implantación ordenada e dun xeito que sexa o máis garantista para todos.

Desde a Xunta de Galicia considérase que a maneira correcta de avanzar na eólica mariña pasa por un diálogo claro onde os sectores afectados poidan facer as súas achegas. Por iso, púxose en marcha o Observatorio da Eólica Mariña de Galicia, unha iniciativa acollida con satisfacción polo Parlamento Europeo para detectar oportunidades e para conciliar usos do mar.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



- Asegurar un desenvolvemento adecuado desta nova tecnoloxía
- Que os tecnólogos poidan testar os seus modelos
- Constituír a punta de lanza do Polo de innovación
- Facer públicos os datos das afeccións que a eólica mariña pode ter no medio natural”.

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 10:38:48
Nº Rexistro: 18270
Data envío: 24/01/2025 10:38:48,299

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 10:38:47

CSV: B0R0G5P6iUWCA18Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7354**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"o investimento que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia durante os anos 2024 e 2025 para a dotación de solo empresarial na área de Pontevedra"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

Ao igual que no resto de comarcas de Galicia, no caso da de Pontevedra, a Xunta de Galicia considera importante desenvolver actuacións dirixidas a aumentar a dispoñibilidade de solo empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAE). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. A versión vixente do PSOAE diferencia 12 áreas funcionais, inclúe un total de 127 actuacións, situadas en 103 concellos.

Por outra parte, o desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. O obxectivo desta lei é evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio adecuado para atraer novas oportunidades de desenvolvemento empresarial. O desenvolvemento do solo empresarial depende das tramitacións dos procedementos administrativos previstos na normativa, así como da dispoñibilidade de recursos orzamentarios e da priorización derivada das necesidades reais de solo empresarial nas distintas zonas da Comunidade Autónoma.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



En canto á comercialización do solo empresarial executado polo sector público autonómico, a Xunta de Galicia impulsa medidas dirixidas á redución dos custos que teñen que aboar as empresas promotoras, a través de bonificacións e outras formas de adxudicación. Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia puxo en marcha bonificacións no prezo do solo propiedade da Xunta para favorecer o asentamento empresarial en Galicia. Deste xeito, desde o ano 2015 aplícanse bonificacións do 50 ou 30% (segundo o parque) na venda de solo, facilitando ademais o pago aprazado a oito anos sen interese os catro primeiros. Ademais, desde o ano 2016, tamén é posible a adxudicación de solo empresarial en dereito de superficie, co pago dun reducido canon anual. Tamén é posible a adxudicación de solo en alugueiro nalgúns parques empresariais.

Ademais, no ano 2024, como nova medida de aposta decidida a favor do desenvolvemento de actividades empresariais na nosa Comunidade, a Xunta de Galicia impulsou a posta a disposición de solo a custo cero durante os oito primeiros anos, a través dun novo réxime de dereito de superficie ofertado pola sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur no último concurso de vendas /dereito de superficie de outubro de 2024.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro.

Ademais, na lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos.

Igualmente na citada lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada, na cal se posibilita a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Na área de Pontevedra, Xestur promoveu o parque empresarial de A Reigosa en Ponte Caldelas, que foi rematado en 2010, e no que, a día de hoxe, aínda hai solo dispoñible. No último proceso de comercialización ofreceuse o solo dispoñible coas bonificacións e posibilidade de adquisición en dereito de superficie.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Pola súa parte, a central de Transportes de Ponte Caldelas, promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), está urbanizada pero pendente da execución de obras de reurbanización para adaptar a ordenación á modificación puntual do proxecto sectorial aprobado con data 3/3/2022.

Ademais, o IGVS promoveu o Parque Empresarial de O Campiño, fases I e II. A ampliación de O Campiño é unha actuación incluída no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia, aprobado definitivamente con data 30/04/2014 (DOG 28/05/2014), e conta cunha superficie bruta de 342.215 m2.

A Xunta está a ampliar o PE de O Campiño, cuxos trámites foron iniciados por Xestur para o desenvolvemento deste Parque, téndose xa licitada a redacción dos instrumentos do Plan Estruturante de Ordenación de Solo Empresarial (PEOSE), así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE.

Por outra parte, con data 26/06/2012 aprobouse un Plan Parcial no ámbito de Fragamoreira, Poio. No PSOAEG, aprobado definitivamente con data 30/04/2014 (DOG 28/5/2014), inclúese o Parque Empresarial de Fragamoreira en Poio, que conta cunha superficie bruta de 386.513 m2. Xestur iniciou os trámites para o desenvolvemento do PE de Fragamoreira en Poio, téndose xa licitada a redacción dos instrumentos do PEOSE, así como os correspondentes proxectos de desenvolvemento e urbanización e proxectos de urbanización. En consecuencia, actualmente atópase en redacción o dito PEOSE."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 11:51:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 11:51:02
Nº Rexistro: 18587
Data envío: 28/01/2025 11:51:02.379

CSV: B0R0G5R3L4U1p3A3Q0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7362**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"Sobre o novo modelo de coidados e de atención das residencias de maiores que defende o Goberno galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta hoxe con máis de 16.000 prazas públicas residenciais, tres veces máis que en 2009.

A esta cifra sumaremos este mesmo ano outras 450 prazas públicas de atención a maiores, coa posta en funcionamento

Das tres novas residencias públicas da Coruña (150 prazas), Pontevedra (120 prazas) e Ferrol (120 prazas) impulsadas pola Fundación Amancio Ortega.

E da residencia da Xunta en Antas de Ulla (56 prazas).

Seguiremos incrementando esta oferta de maneira progresiva, coa nova residencia pública do Barbanza (100 prazas) e coa creación, a través do Plan de Investimentos, de 650 novas prazas en residencias e centros de día municipais.

O noso obxectivo non é limitar a unha soa as opcións para envellecer. Así, nos últimos anos reforzamos os servizos de proximidade e os coidados nos domicilios para os que queren envellecer nas súas casas e ao carón dos seus, que é a opción preferida. Por iso, seguiremos apostando por iniciativas pioneiras como o Bono Coidado no Fogar ou as Casas do Maior.

As sete residencias de maiores que impulsa a Fundación Amancio Ortega intégranse na rede pública autonómica e o 100% das súas prazas son públicas.

Polo tanto o acceso e os prezos son exactamente iguais que no resto de residencias da Xunta. Así acontece nas dúas que nestes momentos están en funcionamento, a de Santiago e a de Lugo, e así acontecerá nas outras.

A xestión de centros ou servizos sociosanitarios por parte de entidades de iniciativa social (como é o caso das residencias da Fundación Amancio Ortega) ou privadas é unha fórmula que adoptan todas as administracións, con independencia de quen as governe."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0R0G\$Pa3aUw0AaGo-5
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
CVF-PREPAR: 4d5e7598-6378-a3c3-72d7-243159f38736



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:26:19
Nº Rexistro: 18297
Data envío: 24/01/2025 11:26:19.834

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:26:19

CSV: B0R0G\$B0aW04LQ0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7364**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Ariadna Fernández González e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre a situación xerada polo ingreso nos centros residenciais de maiores de persoas con patoloxías psiquiátricas ou outras que requiren atención específica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O ingreso destas persoas en centros residenciais é unha cuestión da que tamén participa a área de Sanidade. E, ademais, a normativa vixente contempla esta posibilidade, que se realiza compaxinando a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios.

Ante unha cuestión tan importante como a saúde mental, a Xunta avoga pola atención, a concienciación, a sensibilización e, sobre todo, pola inclusión.

Por isto:

A carteira de servizos para a atención á dependencia conta con programas específicos para a atención psicosocial.

O Sergas incrementou a atención ás persoas cun trastorno mental grave que residen en centros sociosanitarios, con especialistas en saúde mental que levan a cabo labores de atención directa aos internos, así como de consultaría e apoio por telemedicina.

E o novo modelo de residencias de Galicia contempla a creación de unidades psicoxerátricas especializadas."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:26:13
Nº Rexistro: 18296
Data envío: 24/01/2025 11:26:13,540

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B09B03F8A10M0AB00-5
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
CVF-PREPAR: f29fb9a5-b447-e1b2-16b3-ea09086a6a16



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:26:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:26:13
Nº Rexistro: 18296
Data envío: 24/01/2025 11:26:13,540

CSV: B0R0G3F0x0mQABQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7374**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"o estado en que está a renovación da normativa que regula as artes, os aparellos e os útiles para a extracción de recursos mariños"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Respecto da reforma do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería do Mar, está impulsando e abordando unha profunda reforma de toda a normativa relacionada coa pesca marítima profesional na nosa Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez analizadas as necesidades do sector pesqueiro galego e comprobado a gran variedade de normas existentes ao redor da actividade pesqueira, cobra especial relevancia emprender unha ampla revisión e reforma integradora e sistematizadora que implique o cumprimento dos principios e criterios de boa regulación e proximidade ao sector da pesca, tales como: simplificación, racionalización, necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, eficacia e eficiencia.

Polo tanto, a futura regulación da pesca marítima profesional necesita, en lugar dun decreto específico de artes e aparellos, elaborar decreto cunha perspectiva máis ampla e integradora, e cun mellor desenvolvemento da nosa Lei de pesca. Deste modo, este novo decreto trata de circunscribir todo o exercicio da pesca marítima profesional, así como a ordenación da flota pesqueira existente na Comunidade Autónoma de Galicia, integrando todas aquelas materias que actualmente están recollidas e dispersas en varios decretos e ordes.

O actual decreto de artes e aparellos de pesca do 2011 necesita claramente unha adecuación, sistematización, actualización e simplificación normativa na maior parte do seu texto regulador. Este escenario facilitará claramente a relación da actividade administrativa co sector, facilitando unha aplicación real e efectiva e evitando rixideces mediante o desbloqueo de situacións que poderían ser resoltas dun modo máis racional.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Podemos poñer como exemplos que representan factores limitantes nesta norma: (i) o balizamento de artes e aparellos; (ii) a aplicación do descanso semanal; (iii) o exceso e uso de plans experimentais; (iv) a elevada rixidez normativa; (v) a excesiva intervención reguladora e administrativa que, en casos como os réximes de calamento non permiten a busca de solucións máis eficaces; (vi) a falta de adaptación á nova regulación comunitaria e nacional; (vii) a insuficiente adaptación aos mandatos legais establecidos a nosa Lei de pesca; (viii) a necesidade de introducir un novo modelo de xestión pesqueira con medidas máis eficaces e eficientes baseado na implantación espacial de plans de xestión da pesca; e (ix) a adaptación normativa das artes e aparellos de pesca permisibles na nosa Comunidade autónoma.

Por outra parte, o decreto que regula o Rexistro de Buques Pesqueiros na nosa Comunidade autónoma necesita estar actualizado, así como estar en sintonía coa lexislación comunitaria e nacional vixente. A súa vez, o Decreto que regula o Permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira tamén necesita unha nova regulación que evite as problemáticas que se están producindo na xestión dos ditos permisos habilitantes.

Outras normativas que necesitan estar sometidas a revisión son a Orde que regula a autorización e establecemento e cambio de porto base que necesita estar adaptada á lexislación comunitaria e nacional, ou a Orde que regula a alternancia de artes para embarcacións que faenan na nosa Comunidade autónoma que tamén necesita, por razóns de desenvolvemento da Lei de pesca, dun tratamento de actualización adecuado.

En conclusión, o novo decreto pretende regular o exercicio da pesca marítima profesional e a ordenación do sector pesqueiro, integrando nun único texto normativo con vocación simplificadora, sistematizadora e innovadora, a regulación básica das artes e aparellos permisibles en Galicia, a introdución dun modelo de xestión baseado en plans de pesca en función dos diferentes espazos marítimos ao longo da costa galega, a regulación do rexistro da flota pesqueira e o establecemento dos portos base, a alternancia de artes e aparellos e as condicións de acceso para o exercicio da pesca marítima profesional. En definitiva, integrar nun único texto normativo con vocación innovadora, mantendo unha estrutura coherente cos tempos e coa normativa actual".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 12:18:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 12:18:32
Nº Rexistro: 18462
Data envío: 27/01/2025 12:18:32.553

CSV: B0R0GSP2PDI064RLQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 9:52:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 09:52:05
Nº Rexistro: 18700
Data envío: 29/01/2025 09:52:05.709

CSV: B0R0G5K0W0KAL00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7419**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a elaboración dun informe respecto do perfil patolóxico das persoas usuarias dos centros residenciais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O ingreso destas persoas en centros residenciais é unha cuestión da que tamén participa a área de Sanidade. E, ademais, a normativa vixente contempla esta posibilidade, que se realiza compaxinando a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios.

Ante unha cuestión tan importante como a saúde mental, a Xunta avoga pola atención, a concienciación, a sensibilización e, sobre todo, pola inclusión. Por isto:

A carteira de servizos para a atención á dependencia conta con programas específicos para a atención psicosocial.

O Sergas incrementou a atención ás persoas cun trastorno mental grave que residen en centros sociosanitarios, con especialistas en saúde mental que levan a cabo labores de atención directa aos internos, así como de consultaría e apoio por telemedicina.

E o novo modelo de residencias de Galicia contempla a creación de unidades psioxerátricas especializadas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 9:52:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 09:52:45
Nº Rexistro: 18701
Data envío: 29/01/2025 09:52:45,240

CSV: B0R0G5UR030H0C0A00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







1º. No caso de menores de 3 anos, a valoración terá carácter non permanente e estableceranse revisións de oficio periódicas cando os/as menores fagan 6, 12, 18, 24 e 30 meses. Aos 36 meses todos os/as menores deberán ser de novo avaliados/as co baremo recoñecido normativamente aplicable para a súa idade.

2º No caso de menores de idade a partir de 3 anos estableceranse revisións de oficio, como mínimo unha revisión por cada tramo de idade en que se divide o baremo, segundo os criterios establecidos no Real decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Así mesmo o artigo 30 da Lei 39/2006 establece que o grao de dependencia será revisable, a instancia do interesado, dos seus representantes ou de oficio polas Administracións públicas competentes, por algunha das seguintes causas:

- a) Melloría ou empeoramento da situación de dependencia.
- b) Erro de diagnóstico ou na aplicación do correspondente baremo..

As prestacións poderán ser modificadas ou extinguidas en función da situación persoal do beneficiario, cando se produza unha variación de calquera dos requisitos establecidos para o seu recoñecemento, ou por incumprimento das obrigacións reguladas na presente Lei.

Nos mesmos termos se manifesta o artigo 27 do Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 10:15:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 10:15:30
Nº Rexistro: 18705
Data envío: 29/01/2025 10:15:30.171

CSV: B0PBG5HRCQUM0TASQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7424**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"as medidas impulsadas pola Xunta de Galicia dirixidas á mellora da situación das familias monoparentais, especialmente das encabezadas por mulleres"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A pobreza infantil é a pobreza da súa unidade familiar; precisamente por iso as medidas que se promoven desde a Dirección Xeral de Inclusión Social orientados á infancia, concíbense e desenvólvense no marco dun traballo con enfoque familiar.

E para axudar ás persoas e familias que máis o necesitan, os orzamentos da área de Inclusión Social neste ano 2025 chegan aos 131 M€ o que permite reforzar as medidas das que dispón a Xunta para apoiar ás familias galegas máis vulnerables, axustando as contías das achegas ao contexto inflacionista do conxunto do Estado

De xeito mais específico, os programas dirixidos á infancia e adolescencia no ámbito da Inclusión Social son:

Axudas a concellos para o desenvolvemento de Programas de Educación Familiar, dirixidos a familias con menores en situación ou risco de pobreza ou exclusión social.

Axudas a concellos para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables, inmigrantes ou poboación xitana.

Axudas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables ou inmigrantes.

A Xunta de Galicia segue a apoiar aqueles fogares que peor o están a pasar a saír desa situación e recuperar a autonomía das súas vidas. Deste xeito, incrementáronse as contías das medidas das que dispoñemos, como a Risga, as Axudas de Inclusión Social, ou o incremento do complemento autonómico das Pensións non Contributivas.

E así mesmo a Xunta ten asinado un Convenio coa Fundación LaCaixa para o desenvolvemento do Programa Caixa ProInfancia, un programa integral de intervención con nenos e nenas menores de 18 anos en situación de pobreza e vulnerabilidade e as súas familias.

Respecto da situación das familias monoparentais, Galicia foi das primeiras comunidades autónomas de España en aprobar un certificado específico para

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





acreditar a condición de familia monoparental, e a Xunta de Galicia leva máis dunha década emitindo estes certificados para que as familias monoparentais desta Comunidade Autónoma poidan acceder a beneficios e vantaxes como, por exemplo, a protección preferente no acceso á vivenda de protección autonómica; o feito de que a consideración de monoparentalidade téñase en conta no acceso á Renda de Inclusión de Galicia (Risga) e ás axudas de inclusión social; puntuación adicional no baremo para a adxudicación de prazas nas escolas infantís públicas de 0 a 3 anos (1ª ciclo de Educación Infantil), que son gratuítas grazas ao programa de gratuidade da Xunta de Galicia; a redución dun 20% nas tarifas de comedor nas escolas infantís públicas de 0 a 3 anos (1ª ciclo de Educación Infantil); o acceso a programas específicos, como o "Programa de Apoio a familias monoparentais" que desenvolve a entidade Cáritas Diocesana - Santiago e que se centra en facilitar o acceso ao mundo laboral e previr situacións de risco; a preferencia no acceso en todas as quendas no programa de "Vacacións Familiares" da Xunta de Galicia nas Residencias de Tempo Libre da Xunta en Panxón - Nigrán e O Carballiño; a bonificación dos prezos para a campaña de verán nos campamentos xuvenís organizados pola Xunta de Galicia, cunha redución de ata o 50%; ou a preferencia na admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Non obstante, a situación das familias monoparentais en Galicia está afectada polas demoras na tramitación do proxecto de Lei Estatal de Familias, que o Goberno central impulsou sen ter en conta ás comunidades autónomas pese a invadir claramente competencias que viñan exercendo as CC.AA. Neste sentido, como xa ten explicado en numerosas ocasións a Xunta de Galicia no Parlamento, por seguridade xurídica optouse por agardar á aprobación definitiva do proxecto de lei estatal -que entre outras cuestións, aborda a condición de familia monoparental de obrigada aplicación en toda España-, toda vez que coa actual redacción do proxecto de lei centos de familias monoparentais en Galicia deixar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 10:15:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 10:15:22
Nº Rexistro: 18704
Data envío: 29/01/2025 10:15:22.577

CSV: B0R0G-S70M-J7E6N1C00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7437**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, don Julio Ernesto Abalde Alonso e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a mellora das instalacións da Residencia de Maiores de Oleiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Dende a Consellería de Política Social e Igualdade aténdese as necesidades dos centros polo que en concreto dotouse a esta residencia de diverso equipamento sanitario, de cociña e mobiliario por un importe de preto de 54.000 €.

O 8 de xaneiro de 2025 iniciáronse as obras de renovación da cuberta do edificio por un importe de 850.000€ e un prazo de execución de 6 meses. Con esta actuación lévase a cabo unha importante mellora no edificio e evitará a aparición de humidades e pinqueiras, así como a caída das cornixas.

Polo que respecta á dotación de persoal, o centro conta con 131 usuarios con grao III de dependencia e dispón de 149 auxiliares de clínica distribuídos nas distintas quendas. Dende o 1 de xaneiro de 2024 o centro conta con 7 novos postos de auxiliar de clínica e outros 21 postos pasaron de xornada parcial de fin de semana a postos de xornada completa.

A día de hoxe o centro non está ocupado na súa totalidade debido á necesidade de contar con espazos baleiros para poder desprazar aos residentes mentres se intervéñ en cada zona do centro durante as obras de reforma da envolvente.

Os centros sociosanitarios da Consellería de Política Social e Igualdade son centros abertos, polo que se deu algún caso en que o persoal tivo que ir a buscar a un residente fóra do edificio pero dentro do recinto. Algúns usuarios teñen un smartwach con localizador, o que axuda a detectar o seu afastamento fóra da zona de seguridade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 12:20:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 12:20:14
Nº Rexistro: 18464
Data envío: 27/01/2025 12:20:14.710

CSV: B0R0G57063J10021_Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7444**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"o prazo en que o Goberno galego prevé publicar o anunciado estudo relativo ao modelo asistencial das residencias de maiores"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O ingreso destas persoas en centros residenciais é unha cuestión da que tamén participa a área de Sanidade. E, ademais, a normativa vixente contempla esta posibilidade, que se realiza compaxinando a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios.

Ante unha cuestión tan importante como a saúde mental, a Xunta avoga pola atención, a concienciación, a sensibilización e, sobre todo, pola inclusión. Por isto:

A carteira de servizos para a atención á dependencia conta con programas específicos para a atención psicosocial.

O Sergas incrementou a atención ás persoas cun trastorno mental grave que residen en centros sociosanitarios, con especialistas en saúde mental que levan a cabo labores de atención directa aos internos, así como de consultaría e apoio por telemedicina.

E o novo modelo de residencias de Galicia contempla a creación de unidades psioxerátricas especializadas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 10:38:00
Nº Rexistro: 18707
Data envío: 29/01/2025 10:38:00,554

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 10:37:59

CSV: B0R0G5T0EJ1aB3A4Q0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7446**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"o número de profesionais que foi incrementado co obxectivo de axilizar as listas de espera para a valoración do grao en dependencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Un dos obxectivos do Goberno galego é reducir ao máximo os tempos de agarda nos procesos de valoración de dependencia e discapacidade. Así, o Executivo autonómico ven de aprobar o Plan de axilización e simplificación de acceso aos servizos de dependencia e discapacidade.

Este plan, dotado cun investimento de 90M€, abre unha vía preferente para as persoas maiores de 80 anos, e conta con sete eixos principais:

Redución da burocracia: só haberá que presentar a solicitude.

Procedemento conxunto: nos casos nos que se pida tamén a discapacidade, resolveranse ambos procesos conxuntamente.

Mellora da xestión das citas: a través dunha mensaxe no móbil.

Reforzo do persoal valorador.

Reforzo dos servizos sociais: para que se poidan centrar na atención directa das persoas ao ver rebaixada a carga de traballo burocrático.

Protocolo de colaboración entre Política Social e Sergas para a emisión do informe de saúde de xeito rápido e por vía electrónica.

E plan de formación para os traballadores dos servizos de dependencia e discapacidade sobre os cambios introducidos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 10:41:31
Nº Rexistro: 18711
Data envío: 29/01/2025 10:41:31.837

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 10:41:31

CSV: BGRBQSP6ZDW67NLQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7602**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da mellora da conectividade viaria do polígono industrial das Gándaras, en Lugo, cara a futuras ampliacións"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Parque Empresarial das Gándaras atópase contiguo ao parque empresarial do Ceao, un parque empresarial antigo que non foi promovido pola Xunta de Galicia. Nos anos 90 Xestur realizou unha ampliación do Ceao, vendida totalmente.

O Parque Empresarial das Gándaras está incluído no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia (PSOAG) como actuación a promover por Xestur.

O Proxecto Sectorial foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta en febreiro de 2007. Foi obxecto de tres modificacións (aprobadas en Consello da Xunta o 20/10/2011; o 22/09/2016 e o 18/03/2021) coa finalidade principal de adaptar o tamaño das parcelas e a distribución de usos ás necesidades das empresas segundo as demandas detectadas.

A delimitación de fases aprobouse o 05/07/2021. Foi obxecto dunha modificación aprobada o 08/09/2022 coa finalidade de dividir a fase VII nas fases VIIa e VIIb para facilitar o desenvolvemento do parque.

A súa execución comprende nove fases de urbanización cun ámbito bruto total de 2.135.512 m² dos que 1.090.635 m² son de parcelas lucrativas. Os terreos de todo o ámbito están xa adquiridos nos anos 2007 e 2009 por importe de 28,5M€.

Desenvólvese por fases para ir cubrindo as necesidades reais de implantación. As fases 1, 2 e 3 están rematadas cun investimento de 53M€. Está o solo totalmente vendido.

A primeira fase do parque empresarial finalizouse no ano 2010. Esta actuación que supuxo o 41% do parque foise vendendo entre os anos 2010 e 2023. Marcado inicialmente pola crise económica, con posterioridade ao ano 2015 coas bonificacións do 50% supuxo o seu despegue. O éxito das fases II e III, vendidas na súa totalidade, supón a posta en funcionamento do parque nun 48% e motivou a programación das fases IV, V e VIIa, que suporán no ano 2025 a posta en funcionamento do 58% do parque empresarial.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Actualmente están en execución as fases IV-V e VIIa, por importe de 7,5M€, asinado contrato de obras o 27/05/2024.

Ademais, desde a autovía A6, Xestur desenvolveu o Proxecto Sectorial aprobado conectando co polígono do Ceao a través do paso elevado sobre a liña do ferrocarril e con dúas rotondas na Ronda Norte”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 12:25:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 12:25:37
Nº Rexistro: 18471
Data envío: 27/01/2025 12:25:37.774

CSV: B0R0Q-87152B8a86400-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 14:32:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18495
Data envío: 27/01/2025 14:32:00,635

CSV: B0R0GSDQa1b7CqLQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7841**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Paloma Castro Rey, sobre **"o traballo que levou a cabo o Goberno galego para avanzar na normativa autonómica respecto da regulación dos conflitos de intereses, o seu procedemento e supervisión e a regulación dos "lobbies"**", convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 2 de outubro o Director Xeral de Simplificación Administrativa e Patrimonio, Dº. José Mª Barreiro Díaz, dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á pregunta oral en comisión con Nº de rexistro 7842 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia na Comisión 1ª Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior.

Adxuntamos o link da sesión:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmEyNjZiZDMtNzVhOC00ZGZhLWEzOWEtNzA4YzBjYWZjZDBl&start=646.](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmEyNjZiZDMtNzVhOC00ZGZhLWEzOWEtNzA4YzBjYWZjZDBl&start=646)"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 12:15:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 12:15:18
Nº Rexistro: 18591
Data envío: 28/01/2025 12:15:18.154

CSV: B0R0G5p0dU1H6A4Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 10:44:25
Nº Rexistro: 18713
Data envío: 29/01/2025 10:44:25.057

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 10:44:24

CSV: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7961**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da posibilidade de impulsar neste ano 2024 un plan de mellora dos parques empresariais galegos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A dispoñibilidade de solo empresarial nos lugares e condicións adecuadas, e a prezos alcanzables, é unha das cuestións prioritarias que poden afectar ao desenvolvemento de proxectos empresariais. Por esta razón, a Xunta de Galicia está a levar diversas actuacións dirixidas, por unha parte, a aumentar a dispoñibilidade de solo ao longo de toda a Comunidade Autónoma e, por outra, á habilitación de novas infraestruturas nos parques empresariais e á renovación das existentes, que facilite a implantación e crecemento das empresas, e contribúa á creación de emprego, especialmente no sector empresarial.

En relación ás medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia, a planificación do solo empresarial realízase a través do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG). Este instrumento planifica e localiza a superficie de solo empresarial de carácter supramunicipal, e define os ámbitos do territorio susceptibles de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. A versión vixente do PSOAEG diferencia 12 áreas funcionais, inclúe un total de 127 actuacións, situadas en 103 concellos.

Por outra parte, o desenvolvemento do solo empresarial nas áreas empresariais de interese autonómico vén regulado principalmente na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. O obxectivo desta lei é evitar os procesos de deslocalización e xerar o marco regulatorio adecuado para atraer novas oportunidades de desenvolvemento empresarial. Ademais a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, prevé a posibilidade de desenvolver proxectos de interese autonómico para a creación de solo destinado á realización de actividades económicas, que teñan por obxecto a produción, distribución ou comercialización de bens e servizos, incluída a urbanización complementaria que precisen.

En canto á comercialización do solo empresarial executado polo sector público autonómico, a Xunta de Galicia impulsa medidas dirixidas á redución dos custos que teñen que aboar as empresas promotoras, a través de bonificacións e outras formas de adxudicación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia puxo en marcha bonificacións no prezo do solo propiedade da Xunta para favorecer o asentamento empresarial en Galicia. Deste xeito, desde o ano 2015 aplícanse bonificacións do 50 ou 30% (segundo o parque) na venda de solo, facilitando ademais o pago aprazado a oito anos sen interese os catro primeiros. Ademais, desde o ano 2016, tamén é posible a adxudicación de solo empresarial en dereito de superficie, co pago dun reducido canon anual. Tamén é posible a adxudicación de solo en alugueiro nalgúns parques empresariais.

Finalmente, no ano 2024, como nova medida de aposta decidida a favor do desenvolvemento de actividades empresariais en Galicia, a Xunta de Galicia impulsou a posta a disposición de solo a custo cero durante os oito primeiros anos, a través dun novo réxime de dereito de superficie ofertado pola sociedade Xestión do Solo de Galicia (Xestur) no último concurso de venda/dereito de superficie de outubro de 2024.

Ademais, a Xunta de Galicia ten impulsado tamén a creación doutras figuras que facilitan a implantación de actividades industriais no territorio de Galicia, como os proxectos industriais estratéxicos, definidos como iniciativas empresariais que se estime que teñen tal carácter pola súa función no desenvolvemento, implantación ou execución da política industrial autonómica e a súa incidencia económica ou social e que cumpran unha serie de requisitos establecidos no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro. Na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, inclúese a modificación do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade autónoma de Galicia en política industrial, engadindo a posibilidade de tramitación conxunta de proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial e proxectos industriais estratéxicos.

Igualmente, na citada Lei 5/2024, inclúense, entre as medidas temporais e excepcionais dirixidas á creación de solo empresarial, os proxectos de interese autonómico para a creación de solo empresarial en municipios rurais cunha tramitación simplificada na que se posibilita a redución dos prazos xerais para actuacións de solo empresarial en municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

A maiores, a Xunta de Galicia tamén dispón de liñas de axudas para a mellora dos parques empresariais existentes. Durante o exercicio 2024 estiveron abertas, entre outras, as seguintes axudas:

- Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN519B).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ao abeiro desta orde, resultaron beneficiarios dunha axuda un total de 75 expedientes, correspondentes a 66 concellos. O importe do pagamento total proposto para esta orde de axudas foi de 3.160.181,70 euros.

- Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas á creación, reforma ou dotación de equipamento ou infraestruturas de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código do procedemento IN541A). Esta orde ten carácter bianual, 2024-2025. Ao abeiro desta orde, resultaron beneficiarios dunha axuda un total de 6 expedientes, correspondentes a 6 concellos. O importe do pagamento total proposto para esta orde de axudas para a anualidade 2024 foi de 108.243,98 euros. Para a anualidade 2025, o importe da axuda concedida é de 239.657,47 euros.
- Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas ao reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN519D). Esta orde abrangue as anualidades 2024, 2025 e 2026. Ao abeiro desta orde, resultaron beneficiarios dunha axuda un total de 5 expedientes, correspondentes a 5 concellos. O importe do pagamento total proposto para esta orde de axudas para a anualidade 2024 foi de 65.830,78 euros. Para a anualidade 2025, o importe da axuda prevista é 792.381,86 euros e para o ano 2026, 2.060.192,81 euros.

No exercicio 2025 a Xunta de Galicia ten previsto publicar unha nova orde de axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora dos sistemas de seguridade e vixilancia dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia destinada a asociacións de empresarios e as entidades de conservación e xestión dos polígonos industriais da Comunidade Autónoma de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 12:26:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 12:26:29
Nº Rexistro: 18472
Data envío: 27/01/2025 12:26:29.649

CSV: B0RBO\$9yG3UtkGA4Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8075**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre as accións que prevé levar adiante a Xunta de Galicia destinadas a compensar as mariscadoras e os mariscadores da ría do Burgo pola parada derivada da finalización das obras de dragaxe"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 18 de xuño de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 2935.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTc2OTlyYWUtOGMxOC00ZDU4LWI1ZmEtYzA3Yzg3N2l1MjIw&start=1802.51>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as actuacións que prevé desenvolver a Consellería do Mar relativas á recuperación marisqueira da ría do Burgo e as axudas que vai establecer para as mariscadoras e os mariscadores nos períodos de inactividade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 10:39:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 10:39:17
Nº Rexistro: 18271
Data envío: 24/01/2025 10:39:17.393

CSV: B0R0G0M3VQ0@4LEQ0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

CSV: [B67E9-SR7C4U1D00V4L3D-5](#)
Verificación: CVE-PREPAR: 8f11ba95-02a7-3589-6178-da88ca7a659
<https://sede.parlamentodecalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 12:37:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 12:37:10
Nº Rexistro: 18594
Data envío: 28/01/2025 12:37:10.272

CSV: B0R0G-SNR0U000A0-0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8191**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración do exercicio que fai a Xunta de Galicia das súas competencias exclusivas en materia de marisqueo ante a situación actual do sector"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 17 de setembro de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 8001, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTk2YzZlMzUtMjllZC00NjA1LTljZjQtZmVLZTA4ODlwNmVi&start=115>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a valoración do exercicio que fai a Xunta de Galicia das súas competencias exclusivas en materia de marisqueo ante a situación actual do sector e a política que prevé poñer en marcha a curto e a longo prazo para a súa mellora".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 12:50:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 12:50:55
Nº Rexistro: 18619
Data envío: 28/01/2025 12:50:55,840

CSV: B0R0G5T0K0B4V6ALQ0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8204**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, dona Carmela González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"Sobre as medidas inmediatas que o Goberno galego prevé tomar para facilitar a instalación de industrias relacionadas co novo contexto de transición enerxética do sector da automoción, como, por exemplo, unha fábrica de baterías"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A ambiciosa transición da UE cara a unha economía sustentable e climaticamente neutra ten implicacións cada vez máis profundas para as rexións, as persoas traballadoras, as industrias e a sociedade de Europa en xeral. Estas implicacións son especialmente importantes nas rexións que dependen dos combustibles fósiles e das industrias de gran consumo de enerxía.

Neste sentido, o "Ditame do Comité Europeo das Rexións-Unha transición xusta e sustentable das rexións con industria de automoción" fai énfase en múltiples implicacións da transición e, entre elas, lembra a necesidade de reducir drasticamente as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Co fin de acadar esta redución, cómpre levar a cabo distintas actuacións en torno á industria e prestación de servizos relacionados co automóbil e o seu mantemento, así como na electrificación da industria automobilística, transformando as industrias tradicionais para convertelas en provedoras das novas tecnoloxías e sectores.

Nesta conxuntura, a industria da automoción europea enfróntase a un gran desafío para manter a súa competitividade a futuro e isto vén impactando na estabilidade das industrias nas rexións con industria de automoción, particularmente en Galicia. Esta situación debe abordarse sen dúbida con proxectos a longo prazo e coa intervención directa das institucións e fondos comunitarios, iso sen prexuízo de que as rexións traten de paliar no posible os impactos a que se ve sometido o sector de modo máis inmediato.

Por iso, a Xunta de Galicia, consciente destas circunstancias, está a levar a cabo diversas accións de apoio ao sector do automóbil.

Por unha parte, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o sector da automoción, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os Plans Directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da automoción, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas deste sector, así como coas distintas consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, elaborouse o anteproxecto do plan director do sector da automoción e, como últimos trámites antes da súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, solicitáronse xa os informes do Consello Galego de Economía e Competitividade e do Consello Económico e Social.

No anteproxecto do Plan director do sector da automoción, o obxectivo xeral de apoio ao sector desprégase en dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos de prioridades que aparecen recollidos na seguinte táboa:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	EIXES	ÁMBITOS DE PRIORIDADES
OE1. Impulsar e consolidar a industria galega aumentando a súa produtividade e competitividade	Eixe 1. Industria galega produtiva, sustentable e exportadora	P1. Internacionalización
		P2. Dixitalización
		P3. Sustentabilidade
	Eixe 2. Competitividade sectorial e consolidación de proxectos	P4. Competitividade e innovación
		P5. Investimento
	Eixe 3. Persoas	P6. Persoas
OE2. Reforzar o ecosistema industrial	Eixe 4. Mellora de infraestruturas e promoción do solo industrial	P7. Infraestrutura e solo industrial
	Eixe 5. Nova <u>gobernanza</u>	

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Nestes cinco eixos agrúpanse as 65 medidas que se desenvolverán no período 2025-2027 de apoio ao sector da automoción por parte das distintas consellerías da Xunta de Galicia, coa súa dotación económica xa aprobada para o ano 2025 nos orzamentos da Comunidade Autónoma, actualmente en tramitación e, xa é coñecida, a correspondente ás anualidades 2026 e 2027, de acordo co marco económico-financeiro incluído no plan.

Non obstante, tendo en conta a celeridade coa que se debe producir o proceso de transición no sector do automóbil, a Xunta de Galicia publicou a principios de xullo 2024 unha convocatoria dotada con 18 millóns de euros, como primeiro escudo de apoio ao sector na súa transición á mobilidade sustentable, particularmente á electromobilidade.

Por outra parte, co fin de promover a mellora tecnolóxica da automoción galega en toda a cadea de valor, a Consellería de Economía e Industria asinou un convenio para destinar 4 millóns de euros ao Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) para a creación de dous laboratorios: o primeiro de compoñentes para vehículos eléctricos e procesos de fabricación, así como un segundo para cuestións como iluminación.

Estas medidas extraordinarias terán a súa continuidade no período 2025-2026, cunha dotación prevista en convocatorias extraordinarias de 50 M€, que se unirán ao resto de medidas incluídas no anteproxecto do Plan director do sector da automoción.

Considerando a extrapolación da dotación orzamentaria do ano 2025 ao resto de anualidades, así como a dotación das convocatorias extraordinarias de axudas iniciadas no ano 2024, a cuantificación do apoio da Xunta de Galicia ao sector da automoción no período 2024 a 2027 estímase en 234,1 M€ (incluíndo os 22 M€ do ano 2024 e os 50 M€ previstos en axudas extraordinarias para o período 2025-2026).

Estas medidas, unidas as distintas figuras de axilización administrativa para a implantación de proxectos industriais, son algunhas das actuacións emprendidas pola Xunta de Galicia para promover a actividade industrial e o emprego no sector do automóbil, e que permiten paliar a baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais, que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:27:04
Nº Rexistro: 18299
Data envío: 24/01/2025 11:27:04.907

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:27:04

CSV: B0R0G3M02Jr1tXU0o-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

Porén, cómpre salientar que existe unha afección que condiciona o seu desenvolvemento, xa que a meirande parte do ámbito está dentro da zona de fluxo preferente do río Avia, polo que o seu desenvolvemento está condicionado polo establecido no Plan Hidrolóxico da cunca hidrolóxica Miño-Sil (PHMS) e o Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH), cuxo artigo 9 bis establece unha serie de limitacións aos usos na zona de fluxo preferente en solos de situación básica de rural.

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

64824

CSV: [B01PBG-SIFR3abttbGAZQo-5](#)
Verificación: CVE-PREPAR: 413cdc95-44d3-91e4-a402-cf03fb9fd689
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 11:57:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 11:57:26
Nº Rexistro: 18588
Data envío: 28/01/2025 11:57:26.335

CSV: B0R0G5FR3aUyGAZQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8240**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"Sobre os prazos previstos para o inicio da execución do proxecto de mellora da seguridade no porto de Malpica de Bergantiños"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 20 de decembro de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 14399, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDJmMzc1NjltODBiOS00YTFLTg2YmEtNjgxMzNkMmE1ZWU2&start=7792>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre os resultados dos estudos anunciados para resolver os problemas de seguridade e operatividade no porto de Malpica, as características e o estado de desenvolvemento do proxecto de mellora e os orzamentos destinados á obra para 2025."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:26:58
Nº Rexistro: 18298
Data envío: 24/01/2025 11:26:58,019

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:26:57

CSV: B0R0G5F0M0B0A00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8261**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a contía e os obxectivos dos acordos de colaboración asinados entre a Consellería do Mar e Anfaco-Cecopesca, a Organización Interprofesional Pesqueira Interfish-España, a Asociación Clúster Alimentario de Galicia e a Fundación Nueva Pescanova"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"No Consello da Xunta celebrado o 11.01.2024 analizouse o informe onde se detallan as sinaturas dos convenios de colaboración entre a Consellería do Mar e catro importantes entidades da cadea mar industria (Anfaco-Cecopesca, a Organización Interprofesional Pesqueira Interfish-España, Clusaga e a Fundación Nueva Pescanova), que teñen como obxectivo reforzar o impulso á actividade marítimo-pesqueira na comunidade galega.

Estes catro acordos mobilizaron no ano 2024 en conxunto 434.000 €, dedicados a ámbitos que pasan pola coordinación de accións de potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o seu coñecemento e incrementar a súa competitividade. O importe foi financiado nun 70% co Fempa, dentro da súa prioridade de mellorar a comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, e o restante 30% con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia.

Entre as distintas accións que tiveron cobertura ao abeiro destes acordos atópanse diferentes actuacións encamiñadas a que as empresas e a produción de Galicia conquisten novos mercados, como a presenza en feiras ou a celebración de foros e eventos, así como as destinadas á dixitalización e á mellora da comercialización de produtos froito da transformación de materias primas pesqueiras e acuícolas.

Nesta estratexia, para a Consellería do Mar foi crucial facer partícipe aos actores da cadea mar-industria, identificando en cada caso ás organizacións ou entidades que puidesen contribuír a alcanzar estes obxectivos e habilitar vías de colaboración con elas. Foi o caso da Asociación de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (Anfaco-Cecopesca), que contou cun apoio para a promoción e a mellora da comercialización das conservas de produtos pesqueiros de 149.000 €."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 12:07:16
Nº Rexistro: 18749
Data envío: 29/01/2025 12:07:16.417

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B89BGS6GFXWQALZO-5
Verificación: CVE-PPREPAR: d6448fa1-88e6-1ea9-bf51-b83b0f422f72
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 12:07:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 12:07:16
Nº Rexistro: 18749
Data envío: 29/01/2025 12:07:16.417

CSV: B0R0GSR6XUW0ALQ0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8262**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os argumentos trasladados polo Goberno galego ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para reclamar unha modificación da resolución que reparte a cota de xurelo no caladoiro Cantábrico e Noroeste"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A inicios do mes de febreiro de 2024, a Consellería do Mar presentou unha proposta de modificación á última resolución da Secretaría Xeral de Pesca pola que establecía as disposicións adicionais para a ordenación das pesqueiras do xurelo no caladoiro do Cantábrico e noroeste (zona CIEM 8C) para os barcos que empregases artes de pesca distintas ao arrastre e o cerco. Esta disposición realizaba un reparto provincial da cota desta especie e establecía uns topes de capturas que eran contrarias á realidade do sector galego e non se axustaban ao esforzo pesqueiro real das embarcacións que faenaban na zona.

A proba está no feito de que no ano 2023, debido a unha resolución que tampouco permitiu unha xestión óptima do recurso, consumíuse menos do 60% da cota que se podía pescar por parte da frota galega de artes menores, quedando sen utilizar preto de 33.000 kg froito deste desaxuste.

Así, a decisión pola que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación trasladaba os recortes de capturas aprobados no Consello de Ministros da UE para o xurelo á frota como cota accesoria e non dirixida establecía un reparto de 93.900 Kg para toda esta área para as embarcacións que non usan nin a modalidade de pesca do arrastre nin o cerco, establecendo un tope para o xurelo de 30 Kg por barco e semana.

A Consellería do Mar fundamentou a súa reclamación de modificación da Resolución polo feito de que o novo escenario xerara unha barreira a este segmento de frota, no que en Galicia como altamente afectados figuraban unha ducia de barcos que utilizaban o arte do racú, unha trintena que faenaban á volantilla, aos que hai que sumar algunhas unidades que utilizaban o arte do cerco piobardeira. Son buques que faenaban en exclusiva en augas galegas e non se desprazaban a Asturias, Cantabria ou o País Vasco para participar en outras costeiras como a da xarda ou o bocarte.

Así, trasladouse que nin a cota asignada de pesca accesoria de 65.940 Kg, nin o tope de 30 Kg por barco e semana establecían unha proporcionalidade e axuste adaptado para Galicia nin ao esforzo pesqueiro xerado polo segmento da frota afectado. De

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





ter en conta a cota asignada de 65.940 Kg, máis a cantidade dispoñible sen consumir do ano 2023, que ascendía a case 33.000 Kg, suporían preto de 99.000 Kg que, co tempo de pesca dos 60 barcos afectados (sumarían 1.150 semanas) poderían xustificar a elevación do tope semanal ata os 86 Kg por semana, case o triplo do inicialmente reflectido na Resolución.

Na solicitude, sen embargo, indicouse que o convinte sería un tope de 500 Kg por barco e semana se o que se busca é manter unha viabilidade mínima destas embarcacións con alta dependencia, xa que a pesquería desta especie non é lineal ao longo do ano, o que permitiría aproveitar os picos de presenza da mesma nos caladoiros.

A exposición dos feitos evidenciaba a existencia duns danos de difícil reparación que obrigaban a revisar e modificar a resolución co fin de asegurar a protección dos intereses socioeconómicos dos barcos afectados, tal e como establece nos alicerces regulamentarios que sustenta a Política Pesqueira Común. "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 17:43:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 17:43:06
Nº Rexistro: 18798
Data envío: 29/01/2025 17:43:06,963

CSV: B0R0G9MZDh06Sx0o-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8265**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"a contía do orzamento que a Consellería do Mar destina ás axudas convocadas pola Orde do 28 de decembro de 2023 dirixidas a mellorar as instalacións portuarias"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

" A Xunta, a través de Portos de Galicia, investiu 5,1 millóns de euros nun plan transversal para a modernización das instalacións portuarias executado ao longo do 2023. Así se recolle no informe presentado o 22 de febreiro de 2024 no Consello do Executivo galego, no que se describen as actuacións desenvolvidas en base a tres eixos de traballo: a dotación de defensas e medios de amarre; a renovación de firmes e pavimentos esgotados; e a reposición de pavimentos de pantaláns.

En total beneficiáronse destes traballos 47 portos, o que supón case o 40% dos 122 que conforman o sistema portuario autonómico.

As melloras executadas redundan fundamentalmente no reforzo do seguridade das persoas, a frota e a circulación rodada, unha das liñas de traballo estratéxicas de Portos de Galicia. Os portos beneficiarios pertencen ás 3 zonas administrativas do ente público, correspondentes ás 3 provincias costeiras e foron seleccionadas en base aos criterios xerais de actividade e carácter estratéxico, pero neste caso tamén en función das necesidades constatadas, que non foran atendidas con actuacións anteriores.

Polo que respecta á dotación de defensas e medios de amarre, Portos de Galicia instalou preto de 2.000 metros de novas defensas verticais de caucho para distintas cargas e máis de 100 escalas de gato de aceiro inoxidable. Melloráronse 340 defensas de rosario existentes e ademais instaláronse 10 bolardos de amarre de fundición para 30 e 15 toneladas. O obxecto das obras executadas é o de mellorar as condicións de amarre das embarcacións. Ademais, a distribución das defensas favorece un mellor aproveitamento das zonas de atraque. O importe desta actuación foi de 2,3 millóns de euros para un total de 29 portos beneficiarios.

En canto á reposición de pavimentos e firmes esgotados, o obxecto deste contrato foi desenvolver actuacións de rehabilitación e mellora dos firmes dos viais e explanadas portuarias. Así mesmo solventáronse algúns problemas de carácter puntual detectados no sistema de drenaxe dos viarios.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B09B05032100000005
Verificación: CVE-PPREPAR: 7347e385-50f6-e883-24e9-fb761bb2dc70
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Finalmente repúxose a pintura da sinalización horizontal e balizamentos que se viron afectados pola aplicación de novas capas de firme. O investimento realizado foi de 1,6 millóns de euros e executouse en 28 portos.

Finalmente, a renovación integral dos pavimentos de pantaláns para a mellora de seguridade nas instalacións portuarias desenvolveuse en 11 portos cun orzamento de 1,2 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18500
Data envío: 27/01/2025 14:34:41.902

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 14:34:41

CSV: B0R0G5Q3JH0GAL00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8266**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"os resultados das negociacións do Consello de Agricultura e Pesca da Unión Europea respecto das posibilidades pesqueiras para o ano 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

" O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, asegurou o 12 de decembro de 2023 en Bruxelas, que o resultado do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea no que se fixaron os totais admisibles de capturas (TAC) e as cotas para 2024 en augas comunitarias non da resposta a boa parte dos intereses que Galicia depositaba nesta negociación, pois unha vez máis e como xa acontecera en 2023, apenas supuxo avances fronte a proposta inicial presentada pola Comisión Europea.

Rachábase así coa esperanza que se mantiña, tanto desde o sector como desde a Xunta, de que se aproveitase a oportunidade que supoñía que España encabezase neste semestre final do ano o Consello da UE para acadar mellores opcións de pesca de cara ao vindeiro exercicio e seguintes nalgún casos, por ser a primeira vez que se establecían cotas plurianuais para algunhas especies. Unha esperanza que Alfonso Villares veu frustrada cando se comezaron a coñecer os pormenores do acordo.

Así, a negociación fracasou a pesar dos días de debate continuado e a Comisión Europea acabou por impoñer os seus criterios, sen que a delegación española que lideraba o ministro Luis Planas fose quen de reverter algunhas das caídas que máis preocupaban aos profesionais do mar galegos, como poden ser as rexistradas no linguado, o merlán e a solla que, con cotas plurianuais, acabaron situándose entre o -17 e o -35 % de baixada. Un linguado que se recortou, ademais, un 60 % en augas de Gran Sol.

Outro aspecto que propiciou a intranquilidade da frota é o descenso no abadexo, outra cota establecida a tres anos vista que baixa un 53 %. Tamén se limitan as capturas para a pesca recreativa a dous exemplares por día e establécese un peche completo ata o mes de abril para esta modalidade. Neste peixe a única cuestión que trae algo de luz é que se vai a poder pescar indistintamente de Fisterra para baixo e no Cantábrico, polo que é posible que chegue a cota a fin de ao unificar consumos e pescalos conxuntamente.

Tampouco foron boas as noticias para a cigala na unidade funcional que corresponde a Galicia, do mesmo xeito que na anguía non houbo melloras a pesar da boa xestión que se fai desde a comunidade autónoma, mantendo a veda para o conxunto da UE en 6 meses.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En canto ao xurelo, a pesar de medrar un 5 % a posibilidade de pesca de Fisterra ata o Golfo de Cádiz, mantense en cambio a restrición en todo o norte de Galicia e conxunto do Cantábrico que so faculta as capturas accesorias desta importantísima especie para a frota galega, e en especial a de cerco. Os informes presentados pola Xunta, que testemuñan un impacto económico nesta actividade de 11 millóns de euros, non serviron para que se atendese a petición de realizar un análise por zonas da situación do recurso para permitir abrir a pesqueira nalgunhas destas áreas.

En canto as subidas, non houbo novidades máis aló das recollidas no documento do que partía a negociación e que responden o bo estado dos stocks, o que certifica, unha vez máis, o esforzo pola sustentabilidade e o respecto da frota galega á hora de faenar, segundo destacou Alfonso Villares. Sube esta especie un 10 % en augas europeas, aínda que en Gran Sol, tralo acordo con Reino Unido, baixa un 12,5 %. Tamén se agardaban os aumentos en peixe sapo (7 %) ou meiga (11 %), avalados xa de entrada por Bruxelas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 14:34:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18499
Data envío: 27/01/2025 14:34:34.324

CSV: B0R0G3B6H9dI@A&Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8292**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"o traballo realizado polo Goberno galego desde outubro de 2022 para paliar as consecuencias para a frota do palangre das vedas impostas pola Comisión Europea á pesca de fondo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A finais do 2016 o Parlamento Europeo e o Consello, adoptaron o Regulamento (UE) 2016/2336, polo que se establecen as condicións específicas á pesca de augas profundas no Atlántico Nororiental. O seu obxecto é prever repercusións significativas nos ecosistemas mariños vulnerables (EMV) e garantir a conservación a longo prazo das poboacións de peixes de augas profundas. Con ese obxectivo este Regulamento impón aos busques pesqueiros a obriga de deixar de pescar inmediatamente nas zonas de máis de 400 metros de profundidade onde produza o achado dun EMV e prohíbe a pesca de fondo nas zonas de máis de 400 metros incluídas nunha lista elaborada pola Comisión.

En base a este Regulamento comunitario, o 15.09.2022 a Comisión Europea adoptou un Regulamento de Execución (UE) 2022/1614 no que se determinan as zonas de pesca de augas profundas existentes, establecendo unha lista de 87 zonas nas que se coñece a existencia de EMV ou a posibilidade de que existan (art.2 Anexo II).

Como consecuencia desta medida, a Organización de Produtores Pesqueiros (OPP) de Burela xunto con 16 compañías armadoras propietarias de 21 buques afectados interpuxeron o 13.12.2022 un recurso ante o Tribunal Xeral da Unión Europea (TXUE), solicitando a anulación do art.2 do Anexo II. Posteriormente, o 29.03.2023 a Comunidade Autónoma de Galicia solicita intervir en calidade de coadxuvante presentando unha "demanda de intervención" ao carecer de lexitimación activa para interpoñer este recurso.

Polo tanto, a Xunta de Galicia participa como coadxuvante no recurso interposto pola OPP de Burela e 16 compañías armadoras contra o veto da Comisión Europea á pesca en augas profundas en 87 zonas do Atlántico Nororiental. O recurso ten como obxecto a anulación do artigo 2 e o anexo II do Regulamento de execución e que declara a invalidez dos apartados 6 e 9 do artigo 9 do regulamento de base.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Logo da presentación da demanda de intervención pola CAG, o TGUE, no seu Auto do 07.07.2023, admitiu a intervención da CAG por ser esta conforme co Dereito Comunitario e por haber demostrado o seu interese na solución do litixio en atención ao risco que as medidas controvertidas supoñen para o sistema portuario galego e para o sistema económico, fiscal e social da CAG. Do Auto pódese comprobar que o resultado obedece a unha demanda de intervención da Xunta de Galicia moi ben fundamentada e que a Comisión tivo dificultades en contestar ao impacto que ten en Galicia a pesca en xeral e o Regulamento recorrido en particular. O Tribunal tamén comunicou que, unha vez admitida a intervención, a CAG podía presentar as alegacións principais no procedemento (tecnicamente coñecidas como "escrito de formalización da intervención").

En base ao antedito, a CAG presenta o 21.08.2023 o escrito de formalización da intervención, de conformidade co artigo 145 do Regulamento de Procedemento do TGUE, en calidade de parte coadxuvante, contra a Comisión Europea.

Unha vez pechada a fase escrita e realizada a vista oral conxunta polo Tribunal Xeral de Xustiza da UE no mes de xullo de 2024, a Xunta de Galicia está a agardar polo resultado da sentenza do dito tribunal europeo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:27:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:27:31
Nº Rexistro: 18300
Data envío: 24/01/2025 11:27:31.707

CSV: B0R0G3B0W1B0X04-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8311**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"a contía das axudas convocadas en 2023 e cofinanciadas co FEMP destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización das organizacións de produtores pesqueiros e á creación de organizacións de produtores pesqueiros e de asociacións de organizacións de produtores pesqueiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

" O conxunto das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) do sector dos produtos da pesca e da acuicultura que operan en Galicia están a desenvolver plans de produción e comercialización cos que están a impulsar a tanto a sostibilidade da pesca e a acuicultura como a produtividade destas actividades. O Consello da Xunta abordou o 28 de decembro de 2023 a resolución das axudas en apoio destes colectivos profesionais e puxo en valor un traballo que permite contribuír a articular un sector marítimo-pesqueiro máis competitivo e respectuoso coa súa contorna ao tempo que se melloran as condicións laborais e de seguridade dos traballadores.

En total son oito as organizacións de produtores pesqueiros con ámbito de actuación autonómico que desenvolveron as súas estratexias de produción e negocio, recoñecidas pola comunidade e inscritas no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros creado ao abeiro da normativa pola que se regulan estas entidades. Son importantes axentes económicos nas zonas nas que desenvolven a súa actividade e contribúen así ao impulso da economía de toda Galicia.

Entre as últimas e que contan con axudas tamén para a súa creación están a Asociación de Armadores de Cerco de Galicia, Acerga (OPP-82) e a Sociedade Cooperativa Galega do Mar Santa Euxenia de Ribeira (OPP-83), aínda que a máis nova, pois foi recoñecida oficialmente a finais de 2020 e comezou a operar en 2021, é a Organización Empresarial Parquistas de Carril (OPP-89).

Máis veteranos son a Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto de Vigo (OPP-04); a Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto da Coruña (OPP-13); a Organización de Produtores OPP-7 de Burela; a Organización de Produtores do Porto de Celeiro (OPP-77); e a Organización de Produtores de Marisco e Cultivos Mariños da Provincia de Pontevedra (OPP-20).

O marco normativo europeo actual reforza as actividades destas organizacións profesionais da pesca e da acuicultura e facilita a axuda financeira necesaria para que poidan desempeñar un cometido máis importante na xestión, exercendo as súas actividades pesqueiras e da acuicultura de forma sustentable e mellorando a comercialización dos produtos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A achega financeira aos plans de produción e comercialización das OPP pode ser de ata o 12% do valor medio anual da produción da entidade durante os tres anos naturais anteriores á resolución de aprobación do plan, unha porcentaxe que cuadriplica a vixente ata 2020 -do 3%- froito dos cambios introducidos no Fondo Europeo Marítimo de Pesca (FEMP) para adaptarse ás dificultades derivadas da alerta sanitaria polo coronavirus e co obxectivo de impulsar a actividade do sector marítimo-pesqueiro.

Estes plans inclúen, entre outros aspectos, o programa de produción para as especies capturadas, a estratexia para adaptar a cantidade, calidade e presentación da oferta ás exigencias do mercado e medidas preventivas especiais de adaptación da oferta para as especies que presenten dificultades de comercialización durante o ano.

As actuacións previstas polas OPP pretenden impulsar a actividade do sector e o seu desenvolvemento, o que contribúe a xerar emprego e riqueza no ámbito de actuación. Impulsan actividades pesqueiras viables e sustentables e contribúen a evitar e reducir, na medida do posible, as capturas non desexadas de poboacións comerciais. O seu labor é esencial á hora de garantir a trazabilidade dos produtos da pesca e o acceso a información clara e completa aos consumidores, ademais de axudar na eliminación da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 14:38:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18506
Data envío: 27/01/2025 14:38:09.294

CSV: B0R0G5F05209QAL00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, número **8329**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Olalla Rodil Fernández, sobre “**sobre a urxencia de o goberno cumprir a lei na valoración da discapacidade**”, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“As demoras na atención ás persoas con discapacidade non é exclusivo de Galicia senón que se repite en toda España.

O Goberno central agravou esta situación coa aprobación en outubro do ano pasado dun decreto que modifica os baremos, sen consensualo coas Comunidades e sen achegar financiamento.

En calquera caso, para reducir os prazos de atención a Xunta reforzou e incrementou os equipos de valoración, coa incorporación de novos profesionais nos últimos anos.

Traballamos para acurtar máis os prazos, pero cómpre que o Goberno cumpra coa Lei de Dependencia e financie o 50% dos servizos.

A pesar deste incumprimento, Galicia está entre as comunidades que presentan un mellor ratio de atención, cun 98% e máis de 77.000 persoas con servizo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 19:01:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18680
Data envío: 28/01/2025 19:01:07.732

CSV: B0R0G5M0Y1h0E2A0_Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 19:01:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18679
Data envío: 28/01/2025 19:01:01.825

CSV: B0R0G5H0G00057EAL00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 12:58:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 12:58:05
Nº Rexistro: 18625
Data envío: 28/01/2025 12:58:05,967

CSV: B0R0G5B5-K10eA4-Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, número **8342**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as accións que tomará o goberno galego para garantir a actividade e o emprego do sector mar-industria en relación ao concurso de acredores de grupo Atunlo”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O sector mar-industria é un pilar esencial para a economía galega, e representa preto do 5% do PIB de Galicia tendo un papel fundamental na vertebración do territorio, xa que se estende por toda a costa e permite fixar poboación. A Comunidade, que alberga todas as fases do proceso, é a 11ª exportadora mundial de produtos de pesca, por diante de Xapón ou Islandia, e os seus produtos chegan a máis de 120 países.

Un exemplo destacado é o papel de Galicia nas exportacións de produtos do mar, que teñen alcanzado rexistros históricos nos últimos anos. En 2023, Galicia situouse no posto 15 a nivel mundial en exportacións de produtos pesqueiros, cun volume de máis de 608.000 toneladas por un valor total de 2.787 millóns de euros. Estes resultados supoñen que o 56% dos produtos exportados por España proceden de Galicia, xerando o 52% do valor total. Comparando co ano 2022, as exportacións aumentaron un 2,94% en valor e superaron nun 15,76% as de 2021.

A mellora nas exportacións reflicte a forza dun sector que engloba actividades como a pesca, o marisqueo, os cultivos mariños, a transformación e depuración de produtos do mar, sustentado por unha infraestrutura de máis de 120 portos que xeran unha intensa actividade económica.

Neste contexto, o Goberno galego colabora estreitamente coas empresas do sector mar-industria para garantir a súa competitividade e seguir ampliando os rexistros históricos de vendas ao exterior. Apostamos por apoiar o sector na mellora dos procesos produtivos e na transformación industrial necesaria para afrontar os retos do novo contexto socioeconómico.

Non obstante, somos conscientes de que a boa evolución xeral non exclúe situacións puntuais de dificultade, como a que actualmente atravesamos. A Xunta de Galicia está pendente da evolución da empresa, co obxectivo prioritario de protexer os dereitos e o benestar das persoas traballadoras afectadas.

Reiteramos o noso compromiso de buscar alternativas industriais e colaborar co sector mar-industria para garantir a súa viabilidade e consolidación como un referente económico. Este sector é prioritario para Galicia e débese continuar apostando pola excelencia, a innovación e a internacionalización para seguir medrando e contribuíndo ao desenvolvemento económico da nosa Comunidade”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B09B05M241700KLS0-5
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
CVF-PRPPAR-bea1bd83-13e9-4f21-9051-8aa947a19563



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:28:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:28:46
Nº Rexistro: 18305
Data envío: 24/01/2025 11:28:46,749

CSV: BGRBGSMP241F0KLL30-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8347**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández, don Brais Ruanova Vilas-Boas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da permisividade da Xunta de Galicia ante as diferenzas do prezo do solo entre os parques empresariais de Taboada e Monterroso"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Os prezos do solo empresarial nos concursos de venda convocados pola Administración Autonómica dependen do custo de desenvolvemento dos distintos parques empresariais. Así, a diferenza temporal entre a execución das obras do parque de Monterroso (finalizadas en 2008) e o de Taboada é o que marca a diferenza de custos para a súa execución e, polo tanto, este feito reflíctese no prezo de venda. O incremento dos custos tanto de materiais como de man de obra, o aumento dos estándares que deben cumprir as obras dos parques empresariais en máis dunha década fan que, en xeral, o custo por metro cadrado necesario para o desenvolvemento dun parque empresarial sexa moi superior na actualidade, con respecto a 2008.

Neste caso, tamén inflúen as infraestruturas eléctricas que foi necesario executar para dar servizo ao parque, o que tamén repercute no prezo final do solo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 11:57:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 11:57:56
Nº Rexistro: 18589
Data envío: 28/01/2025 11:57:56.600

CSV: B0R0G\$T0GZ\$0G0A\$00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8351**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego en canto á mellora da dotación dos recursos económicos e humanos do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"Como xa expuxo a conselleira de Economía e Industria no pleno do Parlamento de Galicia en resposta a unha pregunta formulada pola deputada, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Montserrat Valcárcel Armesto, preténdese "reforzar a estrutura organizativa" do órgano encargado da política industrial forestal co fin de "incrementar a competitividade" das empresas.

Así o regreso de Xera a Industria permitirá "mellorar a coordinación" dos centros de investigación, ao incorporar á estrutura funcional o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, en Pontevedra. Súmase ao CIS-Madeira, que xa foi integrado e, para dirixir este último, creárase unha xefatura de servizo dependente da área de Innovación Forestal. Outra novidade é que a dirección xeral que asumirá o papel da Xera creará unha área de información forestal para mellorar as estatísticas co fin de contar con "diagnoses axeitadas" para orientar as decisións políticas e empresariais.

A conselleira, na devandita resposta, sinalou que se habilitará unha comisión de coordinación da industria e dos recursos forestais con persoal das consellerías de Economía e Industria e do Medio Rural, que contará coa asistencia de técnicos e expertos.

En canto aos obxectivos estratéxicos, a conselleira constatou que serán a "mellora do capital humano" a través da formación, impulsar o ecosistema de innovación, mellorar "a competitividade, ou desenvolvemento e a diversificación" e incidir na "cooperación e valorización".

Igualmente, explicou que esta reordenación orgánica responde ao interese por "valorizar o recurso e conseguir rematar toda a cadea de valor dentro de Galicia".

En conclusión, co paso da Axencia Galega da Industria Forestal á Consellería de Economía e Industria refórzase a súa estrutura coa creación dunha nova Área de Información Forestal e o impulso da Área de Innovación Forestal coa creación dun novo departamento dependente da mesma. Tamén se aproveitará o reforzo da

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Axencia para potenciar as sinerxías entre o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán e o Centro de Innovación e Servizo Tecnolóxico da Madeira como impulso a cadea monte-industria.

O orzamento da Axencia Galega da Industria Forestal pasa de 17.472.539€ no 2024 a 20.021.207€ no 2025, debéndose este incremento, fundamentalmente, á asunción das competencias do mantemento do Inventario Forestal Continuo de Galicia, a do CIF Lourizán e ao expediente de rehabilitación dun inmovble patrimonial da Xunta de Galicia: Pazo de Lourizán.

Ademais, a Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega da Industria Forestal, está a traballar na continuidade das liñas de investigación que se estaban a levar desde o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, ao tempo que se consignaron os orzamentos no 2025 necesarios para a posta en marcha de novos proxectos.

Así mesmo, iniciouse o estudo da relación de postos de traballo co obxectivo de dispor dunha nova organización para a mellora da situación do persoal investigador adaptada ás necesidades dos proxectos de investigación forestal. Para isto vaise aproveitar o novo marco publicado no ano 2024 polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, para, deste xeito, non só dar estabilidade ao persoal laboral senón tamén captar novo talento investigador dentro do marco do emprego público de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 19:01:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18681
Data envío: 28/01/2025 19:01:29.747

CSV: BQREBQ-SjRdB-1KkQ2ABQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, número **8382**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre “**as principais irregularidades detectadas polos servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude**”, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os incumprimentos detectados nas visitas de inspección son maioritariamente os referidos a incumprimentos formais, deficiencias nas instalacións e os relativos ás rateos de persoal.

O persoal inspector incrementouse notablemente nos últimos anos coa creación de novos postos na Relación de Postos de Traballo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 19:02:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18683
Data envío: 28/01/2025 19:02:23.732

CSV: B0R0G5H0KkypDAI_Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8387**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Miguel Fidalgo Iglesias e outros deputados e deputadas, sobre **"a contía destinada ás axudas de carácter compensatorio ao sector da acuicultura polos custos adicionais como consecuencia da guerra de Ucraína e as empresas beneficiarias delas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

" O Consello da Xunta analizou o 7 de decembro de 2023 o informe sobre a resolución das axudas de carácter compensatorio aos acuicultores polos custos adicionais en que incorreran a consecuencia da guerra de Ucraína. Esta convocatoria extraordinaria o Executivo galego convocada no Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 8 de agosto permitirá que un total de 32 empresas beneficiarias contén cun apoio superior a un millón de euros ante a suba de custos tanto nos carburantes que utilizan as embarcacións auxiliares do sector, como nos envases ou embalaxes e o consumo eléctrico dos establecementos do sector.

Estas axudas, cofinanciadas ao 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), forma parte dos apoios que a Xunta de Galicia mobilizou neste ano 2023 para contribuír a paliar o impacto que a suba de prezos provocada pola invasión rusa de Ucraína tivo no sector marítimo pesqueiro galego. Dotadas en conxunto con 14,7 millóns de euros, diríxense tamén á frota pesqueira e ás industrias de transformación dos produtos do mar, ámbito este último que non percibiu ningún respaldo por parte do Goberno central.

Trala resolución das axudas para a acuicultura, na que se lle deu luz verde a todos os expedientes que cumprían cos requisitos, foron en concreto 32 os beneficiarios, propietarios dun total de 29 establecementos e 35 buques auxiliares.

Estas axudas extraordinarias para a acuicultura ven a sumarse á convocatoria que cada ano se mobiliza para favorecer os investimentos produtivos no sector co fin de mellorar a súa produción, eficiencia enerxética e competitividade. Neste caso o FEMP cobre ata o 50% do investimento a realizar, e este ano concedéronse un total de 2,8 millóns de euros a 111 proxectos que, sumados á aportación privada das empresas solicitantes, superarán os 6 millóns de euros de investimento.

Os potenciais beneficiarios destas achegas son principalmente os bateiros -o sector miticultor copa o 90% destes apoios-, confrarías de pescadores e acuicultores que promovan unha actividade sustentable e que sexan titulares de establecementos de acuicultura situados nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima e que teñan as súas instalacións na comunidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Durante a etapa do FEMP iniciada en 2016 e que acaba definitivamente este 2023, pois o ano próximo será relevado polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa), as axudas para a mellora da acuicultura inxectaron preto de 40 millóns de euros no sector dos cultivos mariños, un apoio público que propiciou un investimento total, contando a aportación privada, que roldou os 80 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 14:38:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18508
Data envío: 27/01/2025 14:38:41.028

CSV: B0R0G-S000L14FQ&L00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8402**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a modernización e mellora de servizos na liña ferroviaria Vigo-Porto”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A conexión ferroviaria de alta velocidade entre Vigo e Porto é unha infraestrutura estratéxica para Galicia, para a competitividade do noso tecido económico e para seguir avanzando nun modelo de mobilidade de persoas e mercadorías máis sostible e menos contaminante.

Por iso, a Xunta de Galicia leva reclamado de forma reiterada ao Goberno de España que se comprometa coa liña de alta velocidade entre Vigo e Porto do mesmo xeito que está a facer o Goberno portugués”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2025 12:24:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18410
Data envío: 26/01/2025 12:25:08,210

CSV: B0R0G09#G0LIZ0A1Q0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, número **8427**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **“a hipotética valoración por parte da Xunta de Galicia dalgunha mudanza no modelo da rede de residencias de atención aos maiores”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Galicia conta hoxe con máis de 16.000 prazas públicas residenciais, tres veces máis que en 2009. A esta cifra sumaremos este mesmo ano outras 450 prazas públicas de atención a maiores, coa posta en funcionamento.

Das tres novas residencias públicas da Coruña (150 prazas), Pontevedra (120 prazas) e Ferrol (120 prazas) impulsadas pola Fundación Amancio Ortega, e da residencia da Xunta en Antas de Ulla (56 prazas).

Seguiremos incrementando esta oferta de maneira progresiva, coa nova residencia pública do Barbanza (100 prazas) e coa creación, a través do Plan de Investimentos, de 650 novas prazas en residencias e centros de día municipais.

O noso obxectivo non é limitar a unha soa as opcións para envellecer. Así, nos últimos anos reforzamos os servizos de proximidade e os coidados nos domicilios para os que queren envellecer nas súas casas e ao carón dos seus, que é a opción preferida. Por iso, seguiremos apostando por iniciativas pioneiras como o Bono Coidado no Fogar ou as Casas do Maior.

As sete residencias de maiores que impulsa a Fundación Amancio Ortega intégranse na rede pública autonómica e o 100% das súas prazas son públicas.

Polo tanto o acceso e os prezos son exactamente iguais que no resto de residencias da Xunta. Así acontece nas dúas que nestes momentos están en funcionamento, a de Santiago e a de Lugo, e así acontecerá nas outras.

A xestión de centros ou servizos sociosanitarios por parte de entidades de iniciativa social (como é o caso das residencias da Fundación Amancio Ortega) ou privadas é unha fórmula que adoptan todas as administracións, con independencia de quen as governe”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 19:02:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 18682
Data envío: 28/01/2025 19:02:16.123

CSV: B0R0G\$K0MAGkLQ0-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8446**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"o cumprimento por parte do Goberno galego das súas obrigas en materia de inclusión e dereitos das persoas con discapacidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Detállanse os avances acadados en Galicia en materia de dereitos para as persoas con discapacidade na última década e as previsións futuras:

Reforzo da rede galega de atención temperá: Pasamos de contar con tres unidades que daban servizo a 15 concellos en 2009 a contar hoxe en día con 45 unidades que dan servizo a máis de 200 concellos. E seguimos reforzando a rede cada ano. Proximamente imos resolver a convocatoria deste ano na que se prevé a creación de novas unidades.

Posta en marcha do concerto social: Achegamos seguridade e estabilidade ao tecido asociativo coa posta en marcha do concerto social, un novo modelo de financiamento que substitúe os antigos contratos de prazas concertadas. A través do concerto destinamos máis de 100 M€ ao ano a financiar as prazas para discapacidade. Ten unha vixencia de catro anos, prorrogables a dez, asegura a revisión de prezos cando sexa necesario e favorece o arraigo, de xeito que as persoas usuarias non teñan que percorrer grandes distancias para acceder a unha praza.

Novas prazas para discapacidade: Seguimos a incrementar o número de prazas de atención diúrna e residencial. Vimos de poñer en marcha este ano 166 prazas públicas (concertadas con entidades sociais), ás que se sumarán proximamente as 110 prazas públicas do novo centro de atención á discapacidade da Xunta - CAPD de Ourense.

Investimento para a reforma, ampliación ou creación de novos centros para a discapacidade:

A finais de 2022 puxemos en marcha unha orde de investimentos para entidades sociais segundo a cal poñemos á súa disposición 13 M€ para que 10 entidades sociais reformen ou creen novos centros.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Tamén asinamos convenios de colaboración con asociacións para que poidan continuar cos seus proxectos residenciais, como foi o caso de Adapta (Cogami) en Ponteareas ou de Saúde Mental As Pontes (Feafes).

A través da convocatoria de axudas anual do IRPF poñemos á disposición das entidades sociais financiamento para desenvolver os seus programas e para facer obras nos seus centros.

Fomento da accesibilidade: Para axudar a erradicar barreiras, tanto físicas como cognitivas ou de comunicación, impulsamos varias medidas:

Axudas a concellos para que fomenten a accesibilidade en espazos públicos (2 M€)

Axudas a entidades sociais (3,6 M€) e locais (1 M€) para a adquisición de vehículos adaptados

Convenios coa CRTVG (50.000€) e con Faxpg (150.000€) para incrementar servizos de accesibilidade universal en lingua de signos

Novo decreto de accesibilidade: Estamos a traballar na tramitación do novo texto legal, que ten carácter transversal, e que actualizará as obrigas e requisitos que deben cumprir tanto os bens e servizos como as estruturas físicas para garantir o acceso das persoas con discapacidade. Como novidade, ampliará as melloras na accesibilidade a praias, espazos naturais e mobiliarios urbanos, como marquesinas. Tamén eliminará impedimentos comunicativos nos procesos administrativos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 13:00:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 13:00:13
Nº Rexistro: 18627
Data envío: 28/01/2025 13:00:13.984

CSV: BGRBQ3PQBBltbGAEQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Sandra Vázquez Domínguez

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 13:22:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 13:22:05
Nº Rexistro: 18638
Data envío: 28/01/2025 13:22:05,695

CSV: B0REBQ5F0GyLH0R2JNLQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8675**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia das condicións dos servizos que se imparten ás persoas usuarias no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está totalmente implicada coa mellora do centro de atención a persoas con discapacidade de Souto de Leixa, non só a través das obras, senón tamén a través da xestión do centro, co fin de garantir a continuidade do servizo e favorecer unha atención de calidade aos usuarios do centro e ás súas familias.

Na última visita da inspección que tivo lugar o día 2 de setembro de 2024, constatáronse diversas deficiencias nas instalacións e irregularidades formais respecto dalgún contrato das persoas usuarias e tamén na elaboración dalgún Plan de Atención Individual polo que o persoal inspector de servizos sociais requiriu en acta a súa emenda.

Dentro do prazo concedido ao efecto, a entidade contestou ao requirimento acreditando a emenda das irregularidades formais e indicando o proceso de reparación das deficiencias nas instalacións.

Ao respecto compre salientar que a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Inspección de Servizos Sociais fai un seguimento constante de todos os centros de servizos sociais co fin de velar polo benestar das persoas usuarias e garantir a correcta prestación de ditos servizos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 11:11:23
Nº Rexistro: 18722
Data envío: 29/01/2025 11:11:23.927

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 11:11:23

CSV: B0R0G3F04ub0W4Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8687**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona Elena Espinosa Mangana, sobre "**as previsións do Goberno galego respecto reforma da Lei de inclusión social para que as familias vulnerables e en risco de exclusión de Galicia poidan acceder a outras prestacións sen teren incompatibilidades co Ingreso Mínimo Vital (IMV)**", convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia terá unha nova Lei de Inclusión Social, pero non a pode facer allea a un contexto nacional cheo de incertezas. O Goberno central comprometeuse hai máis de dous anos a transferir o Ingreso Mínimo Vital (IMV), que é a razón de ser desta nova normativa.

Estamos a traballar na norma e queremos xa adaptala ao traspaso do IMV para non ter que modificala ao pouco tempo. Non queremos elaborar un documento con erros e dúbidas como supón o IMV do Goberno central, que ven recibindo críticas en moitas ocasións de diversas entidades Sociais e organismos (como a AIREF ou a Asociación de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais), senón avanzar nun modelo único que favoreza unha tramitación áxil e sinxela.

O feito de non ter modificado a Lei de Inclusión non significa que non se estean desenvolvendo medidas de loita contra a pobreza.

Avanzamos na nova Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030.

E neste ano 2025 destinamos máis de 131M€ ás políticas de inclusión social.

E con respecto á incompatibilidade da RISGA e o IMV, podemos resaltar que arredor dun 10% de persoas perceptoras da RISGA están a compatibilizala co IMV actualmente, xa que nos atopamos con beneficiarios do IMV que cobran contías mínimas que se lle complementan ata acadar o importe do tramo básico de RISGA que lles corresponde. E por suposto tamén poden acceder a outro tipo de axudas e programas de inclusión que promovemos se así o precisan."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 12:37:42
Nº Rexistro: 18595
Data envío: 28/01/2025 12:37:42.538

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 12:37:42

CSV: B0R0G9R0XHXH0GAL00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8693**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, dona Patricia Iglesias Rey e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"o coñecemento que posúe a Consellería de Benestar Social respecto das necesidades, tanto materiais como de recursos humanos, que se precisan nos centros residenciais de maiores de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Polo que respecta a esta pregunta cabe dicir en primeiro lugar que o nome da residencia de maiores é en realidade Residencia José Otero.

A derradeira visita da inspección a dito centro foi en outubro de 2024 e na mesma constatáronse diversas deficiencias nas instalacións e irregularidades formais que foron emendadas tralo requirimento do persoal inspector de servizos sociais.

Ao respecto tamén compre salientar que a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Inspección de Servizos Sociais fai un seguimento constante de todos os centros de servizos sociais co fin de velar polo benestar das persoas usuarias e garantir a correcta prestación de ditos servizos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 13:23:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 13:23:04
Nº Rexistro: 18767
Data envío: 29/01/2025 13:23:04.555

CSV: B0R0G5R0u0D0GAL00-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9202**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Brais Ruanova Vilas-Boas sobre **“a necesidade de avaliar a participación económica da Xunta na empresa Castelao Productions SA”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A participación de Sodiga en Castelao Productions S.A. foi realizada no marco dunha estratexia de apoio ao sector audiovisual galego impulsada pola Xunta de Galicia.

Entre 2003 e 2008, investíronse 7 millóns de euros nesta compañía, entón denominada Filmox Entertainment, xunto con outros investidores institucionais como Sepides, Caixa Laietana ou Caixa Galicia. O capital investido representa o 9,23% da participación na empresa.

Estes anos marcaron unha etapa de aposta decidida polo desenvolvemento do sector audiovisual galego, con investimentos en importantes compañías do sector, algunha das cales non lograron superar as dificultades derivadas da crise económica global.

Castelao Productions, a pesar de atravesar un proceso concursal desde 2010 e unha reestruturación financeira e societaria, mantense activa.

Actualmente, aínda que a empresa segue a arrastrar as consecuencias desa crise, nos dous últimos exercicios pechados (2022 e 2023), o grupo obtivo resultados positivos.

Sodiga continuará no capital da compañía, facendo un seguimento constante da súa evolución e actividade, en liña cos seus obxectivos de fomentar o crecemento e a consolidación do tecido empresarial en Galicia.

A Xunta valora positivamente o esforzo realizado por Castelao Productions para adaptarse ás circunstancias adversas e lograr resultados positivos nos últimos anos, contribuíndo á sustentabilidade do sector audiovisual”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2025 11:28:35
Nº Rexistro: 18303
Data envío: 24/01/2025 11:28:35.376

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2025 11:28:35

CSV: B6R6G9R3s3t0K6A2Qo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9266**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á mellora da cobertura nas posibilidades de conciliación da vida laboral e familiar durante o verán"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"No ano 2024, o Plan Corresponsables da Xunta de Galicia beneficiou a máis de 30.000 nenos e as súas familias, cun investimento de 7,7 millóns de euros.

A través deste Plan, o Executivo autonómico achega recursos a case 170 concellos, unha vintena de entidades sociais e 60 asociacións de nais e pais (Anpas) para que poñan en marcha iniciativas que axuden a compaxinar a vida laboral e familiar, non só durante os meses de verán, senón durante todo o ano. Así, coas axudas deste Plan desenvólvense campamentos, obradoiros, actividades de lecer ou servizos de madrugadores nos centros, entre outras propostas.

Estes recursos demostran a aposta do Goberno galego pola conciliación, que se pon de manifesto en medidas como a campaña de verán máis ambiciosa da historia, con campamentos dirixidos especificamente a persoas con discapacidade; ou a gratuidade do 100% das escolas infantís (públicas, privadas e de iniciativa social) para máis de 32.000 familias. Tamén á creación dunha ampla rede de casas niño, máis de 100 que atenden a máis de 500 nenos que viven no rural ou o Bono Concilia Familia para axudar a sufragar os gastos de servizos de conciliación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 12:38:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 12:38:26
Nº Rexistro: 18596
Data envío: 28/01/2025 12:38:26.569

CSV: B0R0GSP6wkwW69L0o-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9271**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a previsión que ten o Goberno galego respecto da prometida construción dun polideportivo especializado para a práctica da ximnasia na cidade de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Cos requirimentos técnicos e deportivos axeitados, a Xunta de Galicia está sempre aberta a estudar a posibilidade de acometer as actuacións que, no ámbito das instalacións e equipamentos deportivos, sexan necesarios e demandados polo tecido e as necesidades deportivas da Comunidade Autónoma. Asemade, entende esencial que, este compromiso, atenda tamén ás previsións legais de colaboración entre Administracións Públicas, nomeadamente entre a propia Xunta de Galicia e os respectivos concellos e deputacións provinciais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/01/2025 14:40:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 18510
Data envío: 27/01/2025 14:40:40,888

CSV: B0REBQSp@AunhSKLQb-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9928**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a previsión que ten o Goberno galego no referido aos prazos de creación en cada provincia dos centros de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os centros de crise 24 horas de Galicia xa están abertos dende o pasado mes de decembro. Deste xeito:

Galicia cumpriu ao abrir estes centros dentro do prazo fixado.

Trátase de cinco centros, un máis dos esixidos pola Unión Europea que obriga á construción dun por provincia. Están situados nas áreas sanitarias de Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo.

Estes centros ofrecen servizos de atención psicolóxica, xurídica e social. Proveen apoio e asistencia en situacións de crise para vítimas, familiares e persoas do seu entorno, de aí a decisión do Goberno galego de situalos dentro das áreas sanitarias.

Ademais, inclúen un acompañamento e información telefónica e presencial as 24 horas do día e todos os días do ano.

É importante recordar que o Goberno central non informou sobre como ten que ser o funcionamento destes centros e non contou coas Comunidades Autónomas para a súa implantación.

Por non dicir que nin sequera elaborou un protocolo de actuación común para todas as Comunidades para aposta en marcha destes recursos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 13:22:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 13:22:57
Nº Rexistro: 18766
Data envío: 29/01/2025 13:22:57,477

CSV: BGRBQSPFhtLPwGEZ3b-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9935**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que prevé levar adiante a Xunta de Galicia ante o estado en que se atopa o local do Centro de Información á Muller de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Para a Xunta de Galicia é unha prioridade o labor que se desenvolve nos 84 Centros de Información á Muller (CIM) de Galicia, que son de titularidade municipal, e que contan anualmente co apoio do Goberno galego. Neste 2025, con máis orzamento e coa posta en marcha do Plan integral de actuación para a renovación e o impulso dos CIM de Galicia. Entre eles o CIMM de Ourense, no que se leva a cabo o acompañamento, apoio e formación a mulleres, incluídas as vítimas de violencia de xénero, e ás persoas do colectivo LGTBI.

Todos os CIM de Galicia deben cumprir co Decreto 130/2026, do 15 de setembro, relativo á Rede de Centros de Información á Muller, e máis concretamente neste caso co disposto no artigo 18. Neste sentido, ante calquera cambio de localización o Goberno municipal deberá comunicar ao órgano competente en materia de igualdade da Xunta o traslado provisional do centro a outras instalacións, coa finalidade de que se poidan modificar as condicións polas que se acreditou o centro no seu día. Este é un paso imprescindible para coñecer, de xeito técnico e obxectivo, se o novo espazo cumpre cos criterios de confidencialidade e privacidade necesarios para un recurso coma este.

Seguindo o marcado polo Decreto, o día 4 de xullo de 2024 o Concello de Ourense remitiu á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade a documentación necesaria para a nova acreditación do centro tralo cambio de localización. Unha vez analizados todos os documentos, resolveuse recoñecer e acreditar que, con conforme ao Decreto 130/2016, o CIMM de Ourense mantén os recursos e requisitos necesarios para o seu recoñecemento como CIM."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 10:39:20
Nº Rexistro: 18709
Data envío: 29/01/2025 10:39:20.899

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B09B03F6-XJ0Q4UGB-5
Verificación: CVE-PPREPAR: ec32db73-0026-38a8-9035-12e1039486b8
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2025 10:39:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2025 10:39:20
Nº Rexistro: 18709
Data envío: 29/01/2025 10:39:20.899

CSV: B0R0G5F6XU0Q1UGB-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 9960**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Xosé Manuel Golpe Acuña e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **"as eventuais intervencións previstas pola Xunta de Galicia para que a praia da Concha de Espasante, no concello de Ortigueira, recupere a súa morfoloxía orixinal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Portos de Galicia, como ente competente na xestión portuaria está a tramitar unha dragaxe para a recuperación de calado e mellora da operatividade do porto de Espasante.

En 2013 Portos de Galicia iniciou os primeiros traballos para levar a cabo a dragaxe do porto de Espasante. Tras cambios normativos estes traballos preliminares foron actualizados en 2015. Dando continuidade a estes traballos, en 2021 iniciouse a elaboración dos estudos definitivos para a realización desa dragaxe.

Desde esa data leváronse a cabo rigorosos e completos traballos de campo para a caracterización xeofísica, sedimentolóxica e bionómica, tanto do porto como da propia praia, así como os estudos técnicos e ambientais necesarios para avaliar a necesidade dun mantemento periódico dos calados do porto.

Como parte destes traballos técnicos e ambientais elaborouse en xuño de 2023 un DITAME SOBRE ALTERNATIVAS DE APROVEITAMENTO COMO USOS PRODUCTIVOS DO MATERIAL DE DRAGAXE DO PORTO DE ESPASANTE. ORTIGUEIRA, e en outubro de 2023 o estudo de REXENERACIÓN DA PRAIA DE ESPASANTE CO MATERIAL DE DRAGAXE DO PORTO DE ESPASANTE. ORTIGUEIRA.

Neste último estudo analízase, con métodos máis evolucionados que no estudo orixinal de 1987, o comportamento da praia por mor da construción do dique de abrigo do porto.

Como consecuencia do mesmo e do informe elaborado respecto do uso produtivo dos sedimentos, Portos de Galicia planificou unha dragaxe plurianual para este porto que permita manter o calado operativo adecuado durante un período de 4 anos.

Nestes momentos Portos de Galicia segue avanzando na tramitación da dragaxe do porto, estando actualmente en redacción o estudo de impacto ambiental, como consecuencia da tramitación preliminar realizada sobre a xestión do material a dragar e os condicionantes ambientais da zona de actuación. Este estudo someterase á tramitación legalmente pertinente no primeiro trimestre de 2025. Tras a conclusión desta tramitación poderase proceder á licitación das obras correspondentes á primeira fase da planificación mencionada.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Sobre o propio Plan de actuación de rexeneración da praia da Concha: Portos de Galicia lembra que as competencias sobre a rexeneración das praias corresponden á Demarcación de Costas do Estado, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e non á Xunta de Galicia a través deste ente público.

O artigo 111 da Lei de Costas do Estado recolle que "terán calificación de obras de interese xeral e serán competencia da Administración do Estado as de creación, rexeneración e recuperación de praias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2025 13:22:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2025 13:22:33
Nº Rexistro: 18639
Data envío: 28/01/2025 13:22:33,930

CSV: B0REB0SpGjGfBQALQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-LibCALQo-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

